

TRABALLO FIN DE GRAO

GRAO EN RELACIÓNS LABORAIS E RECURSOS  
HUMANOS POLA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO  
DE COMPOSTELA

**O CUESTIONAMENTO  
ACTUAL DA  
CENTRALIDADE DO  
TRABALLO**

Curso Académico: 2012-2013  
(Convocatoria de setembro)

*Autora: Carmen M Dopazo Abreu*

TRABALLO FIN DE GRAO

GRAO EN RELACIÓNS LABORAIS E RECURSOS  
HUMANOS POLA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO  
DE COMPOSTELA

**O CUESTIONAMENTO  
ACTUAL DA  
CENTRALIDADE DO  
TRABALLO**

Curso Académico: 2012-2013  
(Convocatoria de setembro)

*Autora*



*Carmen M Dopazo Abreu*

*VºPr*

*Directora*



*Pilar Torrens Calle*

## ÍNDICE

---

1. Resumo	3
2. Introducción	5
3. O concepto de traballo. Dimensións. Traballo versus emprego. Breve reseña.	7
4. A centralidade do traballo nos clásicos.	8
4.1. Karl Marx.	8
4.2. Emile Durkheim.	11
5. O cuestionamento actual da centralidade do traballo. Os teóricos do fin do traballo.	15
5.1. André Gortz. Menos traballo mais tempo libre.	16
5.2. Dominique Meda. O desencantamento do traballo.	19
5.3. Claus Offe. Desaparición das “sociedades do traballo”.	24
5.4. Jeremy Rifkin. O fin do traballo.	29
6. O fin material do traballo ¿Qué indican as cifras? O fin do traballo como valor central na sociedade actual	34
6.1. O traballo en cifras.	35
1. O desenvolvemento tecnolóxico.	35
2. A situación do emprego nos países da OCDE.	38
6.2. A centralidade do traballo.	42
1. Transformacións nas sociedades capitalistas e a perda da centralidade do traballo.	43
2. Traballo, fonte de valor económico.	44
3. Traballo, factor de identidade e desenvolvemento persoal.	44
4. Traballo, vínculo social.	45
7. Cara un cambio no concepto de traballo.	47
7.1. A flexibilidade laboral nos seus distintos niveis. O camiño cara a flexiguridade.	48
7.2. O cambio sectorial na economía. A terciarización do emprego.	50
7.3. A incorporación da muller ao mercado de traballo.	52
7.4. A distribución irregular da xornada. O traballo a tempo parcial. A temporalidade no emprego	56
7.4.1. O traballo a tempo parcial.	

## O CUESTIONAMIENTO ACTUAL DA CENTRALIDADE DO TRABALLO

---

A anualización da xornada de traballo.	56
7.4.2. A temporalidade no emprego.	61
7.5. A desigualdade salarial.	62
7.6. A debilidade das organización sindicais.	64
8. Conclusións	66
8.1. O fin do traballo ou a transformación da sociedade salarial.	66
8.2. Algunhas visións alternativas á sociedade salarial.	69
1. Traballadores-empresarios.	69
2. Os contratos de actividade como substitutos dos contratos de traballo.	69
3. A substitución do contrato de traballo polo estatuto.	70
4. Economía plural. Creación ou consolidación do terceiro sector da economía	70
5. Crecemento verde. Influenza nos traballadores e nas políticas do mercado de traballo.	71
6. Creación dunha renda básica, ingreso cidadán ou ingreso social.	72
9. Bibliografía	73
10. Anexos	75
- Táboa 1. Taxa de desemprego nos países da OCDE	
- Táboa 2. Desempregados por duración da situación.	
- Táboa 3. Evolución da poboación activa homes Series de 1980-2012	
- Táboa 4. Evolución da poboación activa mulleres. Series de 1980-2012	
- Táboa 5. Evolución de traballadores a tempo parcial nos países da OCDE.	
- Táboa 6. Evolución de traballadores a tempo parcial involuntarios nos países da OCDE.	
- Táboa 7. A temporalidade no emprego.	

## 1. RESUMO

---

O presente traballo ten como punto de partida unha cuestión que, como se poderá comprobar nos contidos, foi recorrente ao longo da historia da socioloxía. Foron moitos os autores que se cuestionaron cal é o grao de importancia que ten o traballo na escala de valores dunha determinada sociedade e tamén se chegará algún día no que o traballo xa non exista como forma de organización da actividade humana.

Tras oito anos seguidos de profunda crise económica recoñecida na práctica totalidade dos países capitalistas e que causou profundas feridas no mercado de traballo tal vez irreparables a curto-medio prazo, a cuestión de se estamos a chegar ao fin do traballo asalariado nas sociedades capitalistas avanzadas cobra, se cabe, unha maior relevancia. No presente estudo abordo a cuestión exposta desde dúas dimensións: o fin material do traballo e a perda da centralidade do traballo como valor e como factor de cohesión social.

Como xa indiquei ,o problema que se formula é un vello amigo obxecto de estudo de moitos sociólogos que trataban de analizar o acontecer social na época que lles tocou vivir.. E por elo que no punto cuarto do meu traballo trato de xeito moi breve as achegas que , sobre o tema, nos deixaron Karl Marx e Emile Durkheim.

Pois ben, as teorías dos sociólogos clásicos en relación co obxecto deste estudo permaneceron incuestionadas hasta a crise económica dos anos sesenta que fai tremar novamente ás sociedades capitalistas e as formas en que se organiza o traballo. Xorden naquel momento novas teorías con un punto común: todas elas en maior ou menor medida, afirman a perda de centralidade do traballo. As máis representativas están recollidas no punto quinto do presente proxecto.

Logo de analizadas as opinións sobre o fin do traballo no punto sexto e sétimo do estudo tratarase de amosar a realidade do “traballo” tanto a nivel material mediante o análise de estatísticas laborais como na súa dimensión de factor de cohesión e valor social. Así mesmo iranse extraendo os principais cambios no mercado de

## O CUESTIONAMIENTO ACTUAL DA CENTRALIDADE DO TRABALLO

traballo operados nas sociedades capitalistas desde os anos 60 hasta a actualidade.

Nas conclusións ademais de argumentar os motivos polos que se apoian ou se deben rexeitar as teorías relativas ao “fin do traballo” farase un compendio de achegas que pretenden ofrecer solucións razoables á situación do mercado laboral na actualidade.

## 2. INTRODUCCIÓN

---

O traballo é un factor esencial para o mantemento e o desenvolvemento social. Os seres humanos non poderíamos sobrevivir material e bioloxicamente sen traballo posto que a natureza non proporciona os bens para ser consumidos directamente. En xeral todos necesitan procesos de transformación que requiren en maior ou menor medida unha porcentaxe de factor traballo.

Por outra banda, a existencia do factor traballo tamén ten outro importante compoñente para o home, xa non so mediante o traballo logra sobrevivir fisicamente senón que este tamén lle proporciona un perfeccionamento intelectual e moral que o fai diferente dos animais. Non so se trata de obter produtos da natureza para poder sobrevivir (esto poderíao facer calquera animal salvaxe) senón que o traballo humano ten outras facetas que o fan actividade imprescindible para o desenvolvemento do ser humano e para a súa inclusión na sociedade.

En épocas de bonanza ninguén se pregunta polo fin do traballo pero xa é unha costume que durante épocas de crise económica que repercute no mercado de traballo se tema polo fin deste tal e como o coñecemos na nosa sociedade.

A realidade do mercado laboral actual é que o emprego precario, o emprego a tempo parcial, o emprego por conta propia,.. e, en fin, o emprego inestable xunto con unhas taxas de desemprego non vistas desde finais da II Guerra Mundial, tal e como sinala a OCDE nun informe sobre as Perspectivas do Emprego, parecen desprazar ao emprego estable, de carácter indefinido e a xornada completa. Esta crise do emprego desata novamente un debate que nunca se pechou de todo pero que so parecemos recordar en épocas de crise: ¿que lugar ocupa o traballo na vida social e na constitución de identidades?, ¿está preto o fin do traballo?, ¿estamos ante o remate das sociedades salariais?, ¿existen outras formulas sociais que non se organicen ó redor do traballo?.

Neste proxecto preténdense abordar as diversas posturas dos estudosos da materia e por elo farei unha breve reseña sobre as conclusións de dous dos grandes clásicos da socioloxía: Karl Marx e Émile Durkheim para logo centrarme

## O CUESTIONAMIENTO ACTUAL DA CENTRALIDADE DO TRABALLO

---

nos estudos de pensadores contemporáneos que realizaron estudos e obtiveron conclusións sobre esta temática..

É a partir da década dos anos sesenta do século XX e debido a crise económica que atravesa Europa e que trae como consecuencia directa o incremento exponencial das taxas de desemprego, cando se inicia o cuestionamento da centralidade do traballo. Precisamente é neste punto onde se poden situar algunha das opinións dos autores cualificados de “teóricos do fin do traballo”. Estes autores tratan de explicar o porque do fin do traballo seguindo dúas liñas básicas: unha que anuncia o fin material do traballo-emprego e outra que indica que non existe o fin do traballo como tal, agora ben si se da unha perda de centralidade do mesmo pasando a ser unha actividade humana mais e perdendo o seu posto de “a actividade en torno á que xira e se organiza a vida das persoas”.

Tras o exame das opinións sobre o fin do traballo tratarase de analizar algúns datos representativos do mercado de traballo co obxectivo de comparar cifras (cal é a realidade do mercado de traballo) e letras (coincide esta realidade coas previsións dos autores sobre os que se traballou).

A medida que se vai afondando nas diversas opinións sobre este tema tratarei de ir amosando como se vai producindo a transformación das sociedades salariais desde os anos 60 hasta a actualidade: flexibilidade laboral, temporalidade no emprego, diferenzas salariais, ingreso masivo da muller na poboación activa e debilitamento das organizacións sindicais anuncian ventos de cambio para a nosa coñecida sociedade do traballo e salvo en moi contados casos a seguridade da figura do “traballo para toda a vida” vai camiño de converterse nun conto para os nosos fillos.

Non é a miña pretensión buscar respostas senón amosar algunha das tendencias que se prevén no noso futuro mercado de traballo e ,como non, sinalar a modo de conclusión algunha proposta alternativa ao que coñecemos como sociedade salarial por se nun futuro deixara de existir.

### 3. CONCEPTO DE TRABALLO. DIMENSIÓN. TRABALLO VERSUS EMPREGO. Breve reseña.

Antes de comezar coa elaboración deste documento creo conveniente aclarar as diversas acepcións que se poden ter do concepto de “traballo”, ¿Qué entendemos por “traballo”? ou ben ¿Cal ou cales son as acepcións do concepto de traballo que se han de usar no presente proxecto?

Teño que indicar, así mesmo, que sobre a delimitación do concepto de traballo, hai numerosos estudos polo que neste epígrafe a miña única pretensión é intentar resumir en grandes liñas os significados que se lle poden atribuír ao concepto e que eu utilizarei, en maior ou menor medida, ao longo do presente estudo.

Temos, por unha banda, unha concepción ampla do concepto: **traballo** é toda actividade humana útil. Como podemos observar este concepto englobaría todo tipo de actividade desde amar hasta construír un edificio. Incluso matizando e delimitando o concepto podemos dicir “toda actividade humana útil para a sociedade”, aínda así teríamos un conxunto tan abundante de actividades que case todo podería ter a consideración de traballo.

Na actualidade, tendemos a considerar o concepto **traballo** nun sentido mais estrito, nun sentido económico e mercantilista: traballo como “factor de produción”. Neste senso, estritamente so constitúe traballo aquela actividade que leva parella unha contraprestación case sempre monetaria no mercado (salario) e é que nas contabilidades nacionais considerase so traballo aquela actividade que constitúe unha participación na obtención de bens ou servizos a cambio da que se obtén unha contraprestación monetaria.

Así mesmo, non se nos debe escapar, o “traballo” como feito social, e unha norma aceptada pola maior parte dos individuos que conforman a sociedade. O traballo supón un entramado de relacións que fai sentir ao individuo como parte dun todo, supón por tanto un medio de integración social. É mais, non fai moito o traballo era signo de pertenza a un ou outro grupo e tamén medio de expresión do potencial do individuo.

## 4. A CENTRALIDADE DO TRABALLO NOS CLÁSICOS

A pesar de ser cuestión recorrente na obra de autores tan importantes coma Saint Simon ou Comte, neste punto centrareime, pola importancia que tivo dentro da súa obra, supoñendo en ambos autores un punto de estudo central, en Karl Marx e Émile Durkheim.

Os cambios sociais e a consolidación do sistema capitalista como sistema económico en occidente van ter fortes repercusións no ámbito económico de xeito que o traballo, visto como factor de produción, e dicir examinado segundo a súa potencial achega á sociedade vai ocupar un lugar moi importante.

### 4.1. A centralidade do traballo en Karl Marx.

Coa consolidación do capitalismo, producírase unha inversión na concepción social do traballo, pasando de ser unha actividade sen especial importancia e non diferente de outras realizadas polo home a piar esencial da sociedade. Poderíase dicir que a medida que se vai afianzando o sistema capitalista na sociedade empúrrase ao home de xeito paulatino á incorporación ao mundo do traballo – é necesario traballar para poder vivir-.

Recórdanos Rodríguez Guerra que para Marx “el trabajo es la condición natural eterna de la vida humana, y por tanto, independientemente de las formas y modalidades de esta vida es común a todas las formas sociales por igual” e “el trabajo es algo exclusivamente humano”<sup>1</sup>.

Para Marx o traballo é un concepto moi amplo posto que o identifica con actividade humana en xeral, sempre que sexa útil para o mantemento de vida do home e da sociedade na que este está imbuído. Entón excede na súa concepción de traballo a identificación de “traballo” con “traballo asalariado”. Así mesmo, para o autor o traballo é unha forma de dobre relación, por unha parte do home coa natureza, mediante a acción traballo o home transforma a natureza, e a súa vez vai modificando a súa condición humana e por outra do home co home, pois mediante a actividade traballo vanse construíndo as relacións sociais.

---

<sup>1</sup> RODRIGUEZ GUERRA, Jorge. *La transformación de la sociedad salarial y la centralidad del trabajo*. Talasa. Madrid. 2006, citando a K. Marx en *El capital*, p23

## O CUESTIONAMIENTO ACTUAL DA CENTRALIDADE DO TRABALLO

---

Pero non podemos perder de vista a complexidade da posición do autor con respecto ao “traballo” posto que unha gran parte da súa obra fundamentase na crítica e denuncia da alienación do traballo no capitalismo. Marx entende que o traballo, neste caso, non contribúe á humanización e emancipación do home senón á súa degradación e ao sometemento a outros con mais poder.

A *alienación do traballo*, segundo Marx, prodúcese a catro niveis, a saber:

- *Alienación do traballador con respecto ao produto do seu propio traballo.* O traballo que realiza transformase en algo externo e independente ao traballador..
- *Alienación en canto á organización do proceso de produción.* O traballador non ten ningún tipo de control sobre o seu propio traballo limitándose a seguir as ordes do dono dos medios de produción.
- *Alienación da “vida xenérica” do home.* O autor identifica ao traballo como o factor que fai do home un ser xenérico (mediante o traballo o home relacionase con outros homes). Agora ben, co tipo de traballo existente no sistema capitalista o home síntese coma un animal no traballo, posto que so é un medio para manter a subsistencia física e so é quen de ser libre para realizar aquelas funcións que non o distinguen dos animais- beber, comer, procrear,..
- *Alienación do home respecto ao home.* Do resultado do traballo de un home (traballador) apropiase totalmente outro (propietario dos medios de produción) o que dará lugar a conflito entre homes e, en definitiva un conflito entre clases ( os posuidores dos medios de produción e aqueles que non os teñen). Os que so teñen forza de traballo vense obrigados a vendela nas condicións impostas por outros.

Conectando os breves apuntes da filosofía de Marx relativos á apreciación do factor traballo na sociedade capitalista coa dimensión e significación social do mesmo podemos concluír que, para o autor a centralidade e importancia deste na sociedade é incuestionable. De feito a totalidade do enramado de relacións sociais xira en torno ao traballo e so mediante a existencia do mesmo pódense explicar as relacións que se dan na sociedades modernas así como as características definitorias das mesmas.

## O CUESTIONAMIENTO ACTUAL DA CENTRALIDADE DO TRABALLO

---

Agora ben, non se nos pode escapar que Marx non comulga co vínculo social fundamentado no traballo que xurde na sociedade capitalista posto que este non se basea en relacións de igualdade e reciprocidade entre individuos, senón que é un vínculo asimétrico que presenta como característica fundamental o sometemento de quen posúe so forza de traballo a aquel outro que posúe os medios de produción. É precisamente esta característica definitoria o que fai que o traballo “desuna” e non sexa un factor de integración e cohesión social, o traballo consegue que pertenzas a un ou a outro grupo, o traballo fragmenta e provoca conflito entre clases, conflito que, por outra banda, e segundo o autor é necesario como xerme do cambio social. Critica, deste xeito, Marx o “traballo asalariado” cualificándoo como un mecanismo de explotación do home polo home, unha forma de escravitude moderna, a escravitude da sociedade capitalista e que é necesaria para que este tipo de sociedade subsista posto que so con este sistema de organización baseado no traballo e posible o proceso de acumulación de capital fundamento da mesma.

Podemos afirmar que para Marx o traballo presenta a seguinte dualidade:

- a) Desempeña un papel fundamental de desenvolvemento, plenitude persoal, integración e vínculo social.
- b) Poren, debido as relacións sociais emanadas do sistema de produción capitalista, convertese nun factor de alienación, de sometemento e explotación e por tanto en fonte de conflito.

Pero, ¿é todo tipo de traballo o que leva parellos estes problemas? A resposta, debe ser forzosamente negativa. Para Marx, está claro que o é o “traballo asalariado” o foco xerador de conflito polo que para poder superalo bastaría con abolir o mesmo. Débese entender o concepto de traballo desde unha perspectiva mais ampla e non so como unha actividade para gañarse o salario. Propón consecuentemente, a “abolición de la propiedad privada y del trabajo mismo”<sup>2</sup>, entendendo como tal, o traballo asalariado e non outras formas de libre expresión do home. Hasta o momento en que a sociedade capitalista non se transforme en sociedade comunista- sen propiedade privada de medios de produción, clases

---

<sup>2</sup> RODRIGUEZ GUERRA, Jorge. *Ibidem*, p32

sociais e traballo asalariado-, a loita dos traballadores asalariados debe ir encamiñada á mellora das súa situación por medio do fortalecemento das organizacións obreiras.

E moi importante ter claro, que o autor non avoga pola erradicación do traballo en xeral, pois, unha vez realizada a revolución e establecido o comunismo (pasando por unha etapa socialista) muda radicalmente o significado do concepto: este pasa “a ser pura expresión de sí mesmo: coincide con su esencia”<sup>3</sup>

### 4.2. A centralidade do traballo en Emile Durkheim

Émile Durkheim a fin de explicar dun xeito sistemático o funcionamento da sociedade moderna farase as seguintes cuestións:

“¿Cómo ocurre que al mismo tiempo que se vuelve más autónomo, el individuo depende a la vez mas estrechamente de la sociedad? ¿Cómo puede ser a la vez más personal y más solidario?”<sup>4</sup> ou ben reformulando as cuestións a preocupación do autor céntrase en explicar o porqué da estabilidade das sociedades, porque estas acadan un certo nivel de cohesión entre os seus membros que impiden o seu derrube.

Durkheim atopa a resposta as cuestións formuladas na existencia dunha “**moral común**”, nun sistema de crenzas e de valores que a grande maioría dos membros da sociedade comparten e, por tanto, aceptan. Pero asumido este aspecto o autor va mais aló cuestionándose tamén ¿Por qué a maioría dos membros da sociedade comparten, acatan e practican a mesma moral?, ¿Cómo se crea esa moral común? ou ben, ¿Por qué a solidariedade social?, a resposta é abordada na súa tese doutoral que se considera a primeira obra salientable que trata, dun xeito sistemático, o tema de a división do traballo. Pois ben, para Durkheim a división do traballo é o feito ó redor do que se pode formular o acontecer social<sup>5</sup>.

---

<sup>3</sup> RODRIGUEZ GUERRA, Jorge. *Ibíd*em, p 33.

<sup>4</sup> RODRIGUEZ GUERRA, Jorge. *Ibíd*em, citando a *Emile Durkheim*

<sup>5</sup> RODRIGUEZ GUERRA, Jorge. *Ibíd*em, citando a *Emile Durkheim*.

## O CUESTIONAMIENTO ACTUAL DA CENTRALIDADE DO TRABALLO

---

Afondando nas teorías de Durkheim vemos que este distingue dous tipos de sociedades e cada un deles fundamenta o seu mantemento estable nun tipo de solidariedade social diverso:

- A sociedade primitiva, “sociedade segmentaria”- A solidariedade mecanizada. Este tipo de sociedade caracterízase por estar constituída por un conxunto de crenzas e sentimentos comúns que forman “un sistema determinado que tiene vida propia, en vida propia; podemos llamarlo conciencia colectiva o común”<sup>6</sup> que dan lugar á solidariedade social. Agora ben, o autor conclúe que esta é unha “solidariedade mecanizada” porque descansa sobre a semellanza de crenzas entre os membros, mais aínda, sobre a semellanza de crenzas dun número de membros que sobrepase a aquelas que pertencen individualmente a cada un. É unha sociedade de sometemento e represión por parte da maioría de membros con crenzas comúns sobre aqueles que non as comparten e eu concluiría que é un tipo de sociedade fráxil nos seus cementos.
- As sociedades modernas. A solidariedade orgánica. Este tipo de sociedades están caracterizadas por un alto volume e densidade de poboación o que leva a establecer sistemas de funcións diferentes e especiais para cada membro e unidas por relacións previamente definidas. Entón para Durkheim nesta evolución da sociedade, o papel outorgado á **conciencia colectiva** na sociedade tradicional e cumprido agora pola **división do traballo**. Neste tipo de sociedade o individuo está especializado en un tipo de traballo, tal especialización, segundo o autor, débese promover xa desde o sistema educativo, promovendo distintos tipos de educación aínda que non baseados en diferenzas inxustas senón no tipo de aptitudes que destaquen en cada individuo. A especialización proporcionaralle ao individuo un maior benestar a nivel individual pois cada un síntese dono da súa tarefa, desenvolve, dalgún xeito a súa personalidade individual mediante a división do traballo non desvinculándose da sociedade.

Porén, Durkheim a pesar de entender que a división do traballo é piar no que se fundamenta a estabilidade da sociedade, tamén observa que a división do

---

<sup>6</sup> RODRIGUEZ GERRA, Ibídem, p 35 citando a Emile Durkheim

traballo, non sempre ten os mencionados efectos benéficos. Por contra, existe unha elevada probabilidade de que apareza a insolidariedade e o conflito social, pero ¿Por qué se dan estas situacións?

A “la división del trabajo sólo produce solidaridad si es espontánea y en la medida en que es espontánea. Y por espontaneidad hay que entender no sólo ausencia de violencia expresa y formal, sino también de todo aquello que pueda obstaculizar, incluso indirectamente, el libre desarrollo de la fuerza social que cada cual lleva en sí”<sup>7</sup>.

Entón para o autor a división do traballo, de xeito excepcional, tamén pode presentar formas anormais que fan que esta perda a súa funcionalidade principal que é organizar e manter cohesionado o grupo social. Así a división do traballo normal ten como consecuencia a solidariedade social pero as formas anormais ou patolóxicas teñen outros resultados que incluso poden ser opostos á solidariedade social.

Acostuman a aparecer estas formas anormais na división do traballo en épocas de crises industriais ou comerciais posto que unha das súas consecuencias é precisamente a ruptura da solidariedade orgánica. As argumentación de Durkheim neste caso parecen seguir liñas de pensamento similares as de Marx posto que apunta como causa da ruptura da solidariedade orgánica á tensión xerada polo feito de que as clases obreiras “no quieren, verdaderamente la condición que tienen, sino que muy a menudo sólo la aceptan obligados o forzados al no tener medios apra conquistar otra”<sup>8</sup>, a pesar disto, a solución proposta polos autores diversa posto que o que para Marx e de inevitable aparición e so solucionable abolindo o sistema de organización do traballo en que se sustenta a sociedade para para Durkheim e unha anomalía do sistema excepcional e corrixible.

A proposta do autor para resolver esta disfunción que presenta a división do traballo pasa por unha maior regulamentación económica e social. Así a división, a

---

<sup>7</sup> RODRIGUEZ GERRA, Jorge. Ibídem p39, citando a Emile Durkheim

<sup>8</sup> RODRIGUEZ GERRA, Jorge. Ibídem p40, citando a Emile Durkheim

## O CUESTIONAMENTO ACTUAL DA CENTRALIDADE DO TRABALLO

---

especialización e incluso as relacións sociais que se producen non poden ser froito do azar ou da boa vontade dos homes, senón que deben estar predeterminadas. Para chegar a esta “normalización” da división do traballo o autor concede unha grande importancia á figura do Estado e a intervención do mesmo nas relacións sociais. Agora ben, a intervención do Estado, non é suficiente porque o descoñecemento do detalle do funcionamento dos diversos ámbitos fai necesaria a articulación de “grupos secundarios” que actúen e intermedien entre o Estado e os individuos, mais preto dos segundos a fin de poder atraelos á súa esfera de acción e como non de coñecer os seus problemas de primeira man.

Para concluír, para Durkheim a división do traballo é esencial para fomentar a cohesión e solidariedade social e, en fin para o correcto funcionamento da sociedade. Poren, a división do traballo anómica e sen ningún tipo de control ou intervención pode resultar patolóxica e ser fonte de conflito social. Este problema soluciónase mediante a intervención do Estado co concurso imprescindible das corporacións profesionais posto que so elas son coñecedoras ao detalle dos problemas de cada unha das profesións, canalizando e moderando os requirimentos dos traballadores e incluso atenuando a intervención do Estado e evitando absolutismos e opresións ao individuo.

### 5. O CUESTIONAMIENTO ACTUAL DA CENTRALIDADE DO TRABALLO. OS TEÓRICOS DO FIN DO TRABALLO.

Do exposto no punto anterior pódese concluír que, aínda desde diversos posicionamentos, o traballo era considerado un valor central para os clásicos da socioloxía.

Pois ben, as teorías relativas á centralidade do traballo expostas no punto terceiro permanecen inamovibles hasta finais dos sesenta do século XX, mais aínda, o traballo foi gañando posicións nas sociedades capitalistas chegando a converterse no centro da organización económica, social e política das mesmas. E non so isto, senón que o traballo tamén gaña protagonismo na vida das persoas converténdose no eixo ao redor do que xiran o resto das funcións.

Unha clasificación moi útil das diversas teorías ou posturas respecto da problemática exposta, así como da posibilidade de acadar unha situación de pleno emprego, proposta polo sociólogo Jean Marie Harribey<sup>9</sup> é a seguinte.

1. Un grupo de autores pensa que efectivamente a sociedade capitalista diríxese irremediabilmente cara o fin do traballo. Dentro deste grupo podemos a súa vez diferenciar dúas posturas: os que opinan que se trata de algo positivo e os que o consideran como algo lamentable.
2. Quen pensa que o traballo asalariado non finalizou nin finalizará, ao menos no curto-medio prazo-. De igual maneira atopamos aquí dous grupos: os que afirman que o mantemento desa relación salarial é algo positivo e aqueles que propoñen outras alternativas ao sistema capitalista.

A fin de sistematizar o estudio tomarei en conta as publicacións máis importantes feitas por diversos autores do século XX e tratarei de analizalas someramente.

---

<sup>9</sup> HARRIBEY, Jean Marie. El fin del trabajo: de la ilusión al objetivo. En DE LA GARZA, Enrique, NEFFA Julio. El futuro del trabajo- El trabajo del futuro. CLACSO, Buenos Aires 2001.

### 5.1. Andre Gorz. Menos traballo mais tempo libre<sup>10</sup>.

O primeiro autor obxecto de análise é André Gorz (Gerhart Hirsch) filósofo, sociólogo e xornalista nacido en Viena no ano 1923 e falecido en Francia no ano 2007. Colaborador habitual de *Les temps modernes* e *Le nouvel observateur*. Entre as súas publicacións en castelán pódense destacar: *Historia y enajenación*, *Adiós al proletariado*, *Metamorfosis del trabajo*, *Ecología y libertad* e *Los caminos del paraíso*.

Non se trata dunha elección aleatoria posto o pensador francés foi o primeiro en cuestionarse a posibilidade de que o traballo chegara ao seu fin, foi, por tanto o primeiro en formularse cal era a importancia do traballo na nosa sociedade. No presente epígrafe tratarei de analizar a súa posición en relación coa cuestión.

Para Gorz o traballo está perdendo a súa consideración de eixo central da vida tanto do individuo coma da sociedade capitalista. Por unha parte xa non está tan claro que o traballo poida manter a sociedade capitalista tal e como a concebimos e por outra o traballo xa non sería a base da transformación social. O traballo so é un elemento mais no enramado da organización e relacións sociais.

Aclarar que, para o pensador o concepto que temos de traballo é unha creación do capitalismo industrial. Sendo así, so consideramos traballo aquela actividade coa que se cree valor en uso con vistas a un intercambio mercantil (traballo por salario), desaparece aquela actividade realizada na esfera privada ao igual que aquelas actividades que non teñen un carácter mercantil. Este concepto non foi sempre o dominante, de feito, nace fai aproximadamente douscentos anos coa chegada do capitalismo industrial, así nas sociedades premodernas, e nas precapitalistas que aínda subsisten traballase menos que nas sociedades capitalistas avanzadas.

As causas nas que se basea A. Gorz para vaticinar a desaparición non so da clase traballadora senón tamén do traballo como actividade humana central e que

---

<sup>10</sup> GORTZ, André. *La metamorfosis del trabajo*. Editorial Sistema. Madrid 1997

## O CUESTIONAMIENTO ACTUAL DA CENTRALIDADE DO TRABALLO

---

levarán parella a desaparición da sociedade baseada no traballo ou sociedade capitalista pódense sistematizar nos seguintes puntos:

- A reestruturación que nas últimas décadas sofre o proceso de produción capitalista motivada pola introdución das novas tecnoloxías de información.
- As novas formas de organización das empresas, tanto de **como se produce** como de **como se traballa**, a flexibilidade funcional- interna (referíndose á polivalencia, multifuncionalidade, mobilidade,... dos traballadores) e flexibilidade externa (subcontratas, externalización de servizos,...) esta situación leva a que as empresas non teñan tantos traballadores en plantilla posto que existe un **exercito industrial de reserva**.

Por outra banda, a recesión económica non favorece a creación de emprego, é mais, segundo o autor durante as recesións elimínanse máis empregos que os que logo se crearán durante os períodos de recuperación e expansión. Logo é fácil concluír que o emprego permanente non cesa de diminuír a medida que aumentan os contratos temporais e os contratos a tempo parcial.

Chegados a este punto, o autor, ve irreversible o camiño cara o fin do traballo, tal e como o entendemos actualmente.

Porén, lonxe de parecerlle preocupante tal perda, dálle a volta ao problema, cuestionando a centralidade do traballo tal e como existe na sociedade salarial. É sobre todo na súa obra *Adios al proletariado* editada en 1980 onde o autor propón a disociación traballo-salario/remuneración. Para Gorz, ao igual que para varios autores estudosos do tema, o traballo non é unha categoría antropolóxica, isto é, o traballo non mudará coa especie humana, mais ao contrario, o concepto de traballo foi cambiando coas diversas sociedades, e o actual concepto, o que nos temos, foi creado polo sistema capitalista desde o momento en que a actividade produtiva do home deixou de realizarse na esfera privada para satisfacer as súas necesidades e converteuse en medio de gañar un salario.

André Gorz propón a desconexión traballo e remuneración e a creación dunha asignación ou ingreso de existencia. E xa que a economía require cada vez menos traballo aínda tendo un elevado nivel de produción o poder adquisitivo dos cidadáns non se pode facer depender xa da cantidade de traballo que estes realicen. Propón unha “distribución de ingresos independente de la evolución de la cantidad de trabajo requerido en la economía”<sup>11</sup>. Garántese, deste xeito, a percepción dun ingreso suficiente, básico e independente do tempo de traballo do cidadán e incluso do traballo en si mesmo. Isto conduciría a que o home non estaría tan centrado no traballo asalariado e buscaría a realización persoal en outras actividades fora de este. En ese tempo de non-traballo ou tempo libre<sup>12</sup> o home realizará outro tipo de obras que lle proporcionaran satisfacción actividades autónomas.

Isto leva ao autor a propoñer unha medida esencial que cambiaría radicalmente o concepto de traballo: a redución do tempo que se lle dedica ao mesmo. Agora ben, a finalidade desta redución de tempo non debe ter como obxectivo permitir ao home a realización de outros traballos remunerados, senón que o obxectivo é traballar menos e de outras maneiras. O individuo dispoñería de mais tempo libre que lle permitira desenvolver as súas capacidades cognitivas. Para chegar a isto propón o autor un novo **contrato social** no que son fundamentais os seguintes aspectos:

- Existencia do mencionado “**ingreso cidadán**” ou ingreso de existencia que non se entregara a cambio de “manipular” a vontade do individuo a fin de que se incorpore ao mercado de traballo. Ingreso que, por tanto, non cabe equiparar ás nosas prestacións nin sequera subsidios de desemprego que penalizan a non incorporación as profesións que o sistema público considera “adequadas” coa súa retirada.
- Non diminuír o salario mínimo vixente.
- Promover a creación de novos xacementos de emprego. Insiste moito nos empregos de proximidade.

---

<sup>11</sup> GORTZ, André. *Ibidem*, p 298

<sup>12</sup> O autor tampouco equipara o tempo libre ao ocio en sentido pexorativo, senón a aquel tempo en que o home realiza aquelas actividades que nunha sociedade capitalista non son consideradas traballo polo simple feito de non figurar nos medidores económicos.

- Non incrementar o prezo de venta dos artigos e servizos. Se realmente hai un incremento de produtividade, este debería redundar en melloras cara os traballadores e non en maiores beneficios cara os donos dos medios de produción.
- Cambio radical de normas de consumo con maiores penalizacións en forma de impostos aos consumidores de bens suntuarios.

Isto levaría, no futuro, ao nacemento doutro tipo de ocupacións, de carácter discontinuo e que, sen dúbida, serían menos importantes para o sentido da vida e da imaxe que temos de nos mesmos. A vida xa non estaría centrada no traballo. Loxicamente entre traballo e traballo deberíase seguir percibindo un ingreso. Prevé, deste xeito, empresas sen traballadores asalariados permanentes nas que predominará a flexibilidade e o tempo parcial libremente elixido polos traballadores.

### 5.2. **Dominique Meda. O “desencantamento” do traballo.**<sup>13</sup>

Dominique Meda, nacida en 1962, é licenciada en filosofía, profesora do Instituto de Estudos Políticos e responsable de Investigación do Ministerio de Traballo de Francia. Realizou innumerables estudos que deron lugar a non poucos e controvertidos artigos que se cuestionaban o fin do traballo como valor social con vixencia.

E moi ilustrativo o título do seu libro *El trabajo. Un valor en peligro de extinción* porque, como podemos observar, a autora non se cuestiona a desaparición do traballo tal como o entendemos, senón que afirma rotundamente o curto futuro que lle queda ao mesmo.

Meda comeza por facerse o seguinte formulación: está claro que o pleno emprego é a gran preocupación de políticos e economistas que tentan buscar fórmulas cuasi máxicas para incrementar o número de postos de traballo e borrar da sociedade ese fenómeno tan inquietante que é o paro. Entón parece unha cuestión obvia que todo o mundo precisa traballar e que o traballo foi sempre a base da nosa organización social, pero ¿é isto así?, ¿e se non fora certo? e “¿si el trabajo solo fuese unha invención reciente que nuestras sociedades han considerado necesaria

---

<sup>13</sup> MEDA, Dominique. *El trabajo. Un valor en peligro de extinción*. Editorial Gedisa. Barcelona 1998

dentro de un contexto histórico determinado, siendo así un fenómeno fechable que incluso podríamos dejar atrás?” e vai máis alá a autora preguntándose se “¿la firme voluntad de los poderes públicos actuales de “salvar el trabajo” acaso no encubre la dificultad ante la que nos encontramos para pasar a otra época en la que el trabajo dejaría de ser, tal vez un valor central?”<sup>14</sup> Pois con estas e outras cuestións complementarias abre a autora a súa investigación que ha de facer un percorrido polo que foi o traballo, polo que é e polo que vai ser (ou non) nun futuro moi próximo. Cales foron e son as funcións do traballo e por que se chegou a encumbrar deste xeito unha actividade que historicamente nos fixo sufrir. Para a autora e, pois esencial, estudar o sentido do traballo antes de intentar buscar solucións para afrontar a súa diminución e incluso desaparición.

Gran parte da problemática que xorde en relación co cuestionamento do traballo como valor central na sociedade actual provén da noción que temos de traballo. A partir do análise de diversos estudos antropolóxicos, filosóficos e económicos a Meda explica na obra *El trabajo. Un valor en extinción* como evolucionou o concepto de traballo ao longo do tempo chegando á conclusión de que non sempre foi concibido como un fundamento da realización do ser humano nin, desde logo, como factor de vínculo social. Para demostralo pon como exemplo tipoloxías de sociedades nas que o traballo para nada era un valor fundamental: as sociedades non industrializadas e por suposto a antiga Grecia.

Baixo este prisma o concepto de traballo cambia substancialmente. Para entender isto é preciso recordar a brusca inversión de valores que se produce a mediados do século XVIII. Co nacemento da sociedade moderna parece que, o único e verdadeiro fin que se debe perseguir é a consecución da riqueza. Existen moitas explicacións deste momento histórico, sendo as mais aceptadas as que apuntan como causa a propia Revolución Industrial e especialmente a súa vertente técnica, que se converte en desencadeante primeiro o aumento da produtividade e, en consecuencia, da riqueza. Abundan tamén as teorías que sinalan como causa os cambios demográficos, sobrepoboación rural, constitución de grandes núcleos urbanos,.... Tamén existen explicacións que buscan as razóns en virtude das cales os industriais empezan a amosar interese polas máquinas e a dar tanta relevancia

---

<sup>14</sup> MEDA, Dominique. Op cit.

## O CUESTIONAMIENTO ACTUAL DA CENTRALIDADE DO TRABALLO

---

á produtividade do traballo; de feito xa indicaba Weber que este fenómeno non se daría sen un previo cambio de mentalidade. En todo caso, e independentemente da explicación en relación as causas deste cambio social, o que está claro non é discutible é que o concepto de traballo como actividade produtiva e remunerada, pasou a ocupar un lugar central na vida das persoas e na organización das sociedades adquirindo a consideración de “realizador do home” e “vinculo social”.

Meda afondando aínda mais para completar a súa argumentación sobre a concepción moderna de traballo sinala un importante momento de cambio: o nacemento da socialdemocracia ou do que coñecemos como estado social ou estado do benestar. Ese é o momento en que verdadeiramente se ve que o traballo non so é necesario, senón fundamental na vida do home e na organización social, e en consecuencia o Estado debe facer soportable esta realidade mellorando as súas condicións e compensando aos traballadores con maiores ingresos, servizos públicos, mais bens de consumo e protección social. Pero, para lograr isto é precisa unha regulación do sistema que garanta unha produción de riqueza cada vez maior (taxas de crecemento positivas) así como un reparto homoxéneo de esta (pleno emprego e regulación pública do reparto). Entón o estado de benestar non é algo xeneroso por parte dos Estados, senón que se utiliza para acadar as ansiadas taxas de crecemento económico positivas que permitan distribuír as compensacións polo traballo e contrarrestar os caracteres negativos da relación salarial. É un substituto da utopía socialista do traballo liberado por algo máis sinxelo: proporcionar aos traballadores, a cambio do seu traballo, unha cantidade de benestar plasmada en servizos e bens de consumo así como unhas garantías sobre o seu emprego.

Non podemos pasar por alto que non se fala de “pleno traballo”. O termo substitúese por “emprego”, concepto que segundo a autora excede ao de “traballo” e orientase mais a “trabajo asalariado en el que el salario ya no es la precisa contrapartida a un esfuerzo realizado, sino el cauce mediante el cual se accede a la formación a la protección y a los bienes sociales”<sup>15</sup>

---

<sup>15</sup> MEDA, Dominique. *Ibíd.*

## O CUESTIONAMIENTO ACTUAL DA CENTRALIDADE DO TRABALLO

---

Porén, o que parecía a solución ao problema convertese no maior problema, primeiro porque non é sinxelo manter durante moito tempo unhas taxas positivas de crecemento xa que ao incrementar a produtividade decrece a necesidade de man de obra o que fai que o traballo escasee e como consecuencia inevitable: xa non hai traballo para todos. Entón o Estado entra nun sistema diabólico no que se fai preciso, estar continuamente creando mais e mais traballo, que a súa vez, incrementará a produtividade, logo darase un déficit de emprego, logo precisarase crear mais emprego,... e así hasta que o sistema non teña capacidade de “crear”.

A autora indica que as sociedades baseadas no traballo condúcense por unha lóxica contraditoria xa que por unha banda pretenden un desenvolvemento económico constante (baseado en incremento de produtividade) e por outra deben preservar o pleno emprego xa que este concepto é o que proporciona as sociedades a súa estrutura social, ese conxunto de relacións e ese reparto equitativo das riquezas.

Esta construción ten por forza que estoupar e se non o fixo xa, segundo opinión da autora, foi porque os Estados desenvolvidos foron rexistrando sempre taxas de crecemento económico coas que foron quen de manter o seu mecanismo. Pero ¿que ocorre cando o crecemento se paraliza e non permite a todas as persoas o acceso a ese sistema de distribución da riqueza?. Pois é aí cando se presentan cuestións como ¿cal é o porvir do traballo na nosa sociedade?. Meda indica que estas cuestións quedaron sen tratar desde o socialismo marxista posto que o que se fixo foi dar un pulo por riba da situación non suprimindo as relacións salariais senón reconducíndoas en proveito dos traballadores sen facerse formulacións relativas as posicións do proceso produtivo.

Localizado o problema, cales son as solucións que se nos propoñen por D Meda. Varias son as cuestións a debate que se abren ¿e necesario mais e mais traballo para satisfacer de xeito mais completo as necesidades? ou ben ¿debemos fomentar un traballo mais propicio para a realización persoal? Preséntanse as disxuntivas: traballo-factor de produción, traballo-liberdade, traballo-emplego como medio de distribución de riqueza. Pois dependendo do enfoque que se pretenda dar ao traballo as solucións serían, a grandes rasgos: se o traballo e un simple factor de produción poderíase reducir o seu peso, se é un medio de desenvolvemento

## O CUESTIONAMIENTO ACTUAL DA CENTRALIDADE DO TRABALLO

---

persoal teríamos que precisar as condicións para que así sexa e dicir teríamos que cambiar radicalmente o concepto que temos de traballo actualmente as sociedades capitalistas e finalmente se o traballo é un medio de distribución de riqueza pode ser que o desemprego sexa un síntoma de a falta de adaptación de ese medio de distribución a realidade social. Así as cousas, a autora propón que antes de converter ao traballo nunha necesidade de tal calibre que estamos dispostos a calquera cousa por obtelo e conservalo, teríamos que saber cal é o significado real que ten para nos e se é posible cambiar o mesmo ou adaptalo as circunstancias actuais. Recordemos que, ao fin e ao cabo, o traballo tan só é unha construción histórica e moi actual por certo.

Como fai séculos a única forma de organización das sociedades que coñecemos e a que xira en torno ao traballo cremos que non é posible outra, que non existe outro tipo de vínculos que non sexan unicamente os fomentados polo traballo. Estar ou non traballando parece un factor esencial para pertencer á sociedade, un factor para adquirir unha identidade social, entón as persoas que carecen de emprego estarían desposuídas de todo. Segundo Meda, deberíase fomentar outro tipo de vínculos sociais posto que está claro que o traballo xa non é capaz de cumprir esa función, dadas as elevadas taxas de desemprego, ou polo menos non é capaz de cumprila dun xeito eficiente posto que exclúe a un gran número de individuos.

Por outra banda, e debido ás elevadas taxas de desemprego, non é necesario recalcar por que o traballo xa non é factor de satisfacción persoal para moita xente, polo contrario, e unha fonte de desasosego e preocupación.

En fin, o traballo, tal e como o concibimos é un factor de produción mais ao que se lle foi aplicando, ao igual que aos outros factores, a lóxica da racionalidade económica e a eficacia. Pero nas actuais circunstancias o traballo xa deixou de cumprir con todas as funcións que se lle asignan: manter o vinculo social e integrar as persoas na sociedade así como servir de identidade esencial.

As propostas de Meda, todas elas extraídas da obra mencionada ao inicio do presente apartado poden resumirse do seguinte xeito:

## O CUESTIONAMIENTO ACTUAL DA CENTRALIDADE DO TRABALLO

---

- O “desencantamento”<sup>16</sup> do traballo. O traballo está cargado de todas as características utópicas que se lle foron atribuíndo ao longo da historia, está “encantado”. Trátase de reducir a dominación que exerce sobre as demais actividades humanas e sobre cada un de nos. Isto conseguiríase: reducindo o tempo que se lle dedica e deixar mais tempo e espazo para dedicar a outras actividades distintas do ocio: culturais, sociais, políticas,...posto que tamén son útiles para a cohesión social, son útiles e ademais son medio de realización persoal para quen as leva a cabo.
- E necesario deixar de fixar todas as enerxías en crear mais emprego, recoñecer que xa non é capaz de responder a todas as esperanzas que puxemos nel, crer que non existe futuro sen o traballo, non permitir que invada as nosas vidas e logo poder redistribuílo de outro xeito. Debese limitar esa idea de “producir sen límites” e recoñecer o valor que nos aportan outras actividades.

### 5.3. *Claus Offe. Desaparición das “sociedade do traballo”<sup>17</sup>.*

Nacido en Berlín en 1940 está considerado como un dos sociólogos políticos máis coñecidos e respectados a nivel mundial.

O autor parte dunha importante premisa. As sociedades teñen que dar solución a dous problemas centrais:

- En primeiro lugar, a forza de traballo humana debe ter como obxectivo funcións produtivas a fin de que os bens e servizos necesarios para o mantemento e progreso da propia sociedade sexan xerados de un xeito estable e o máis económico posible.
- En segundo lugar, a sociedade debe facilitar aos seus membros os medios de subsistencia necesarios en recompensa a función produtiva que cumpren na actualidade ou cumpriron no pasado.

---

<sup>16</sup> Término que a autora adopta de Weber o que popularizou o mesmo coa expresión “o desencanto do mundo” e que usou en infinidade de ocasións na súa obra.

<sup>17</sup> OFFE, Claus e VVAA. Precariedad y mercado laboral. Un análisis a medio plazo de las respuestas políticas disponibles. ¿Qué crisis? Retos y transformaciones de la sociedad del trabajo. Tercera Prensa- Hirugarren Prentsa SL. Donostia 1997

## O CUESTIONAMIENTO ACTUAL DA CENTRALIDADE DO TRABALLO

---

Para resolver esta situación as sociedades foron ideando solucións variadas, así dependendo da sociedade e da época histórica o problema enfocouse de diversos xeitos. Nas sociedades modernas tales problemas atoparon a súa solución no traballo asalariado.

Precisamente polo anteriormente exposto é por que os clásicos lle concedían tanta importancia ao traballo e o consideraban un factor central nas sociedades capitalistas, tanto a nivel individual como social. Pero esta concepción de traballo é dificilmente defendible na actualidade. Son, segundo o autor, dous os motivos que fan cuestionarse a centralidade do traballo:

- Crecente escaseo de traballo asalariado. Cada vez hai menos traballo e o que queda é en unha elevada porcentaxe precario.
- O traballo cada vez perde máis importancia tanto a nivel individual como a nivel social deixando paso a outras actividades e relacións entre os individuos. Como vemos esta causa está intimamente relacionada coa anterior ou pódese entender como a súa consecuencia, posto que cantos menos postos de traballo se ofrezan e canto maior sexa a precariedade dos que quedan as persoas tenderemos a situar o traballo nun punto máis externo da nosa escala de valores, tenderemos, entón a restarlle importancia.

Velaí que a función central que tiña asignada o contrato laboral como fundamento da orde social pouco a pouco vaise desgastando e deixando de cumprir esa importante función “o mejor dicho, se sigue confiando en él como si fuera central, pero falla en el cumplimiento de sus funciones como pilar de asignación y distribución e, implícitamente del orden social”.<sup>18</sup>

A evidencia do fracaso do modelo institucional do contrato de traballo son as crecentes taxas de desemprego que perduran no tempo. Poren, o desemprego coñecido, aquel que nos amosan as estatísticas, so é a punta do iceberg. Para avaliar e medir o fracaso real, non basta con fixarse no sostido e crecente número de desempregados. Existen outras formas non tan visibles ou obvias como son:

---

<sup>18</sup> OFFE, Claus e VVAA. *Ibidem*. p 12.

- A precariedade da situación social. Con esta mención o autor fai referencia á situación de empregos irregulares que afectan a unha alta porcentaxe da poboación. Aquí estarían englobados os desempregados pero tamén os traballadores frustrados, e dicir, aqueles que traballan a tempo parcial e queren e están en disposición de traballar a xornada completa; aqueles que obrigadamente se xubilaron de xeito anticipado, aqueles que aceptan un traballo non acorde a súa formación e aptitudes, os que se someten a formación por motivos diversos,...
- A precariedade da subsistencia. O autor invita a decatarse de que xa non existen correspondencias segundo as categorías pois é posible estar fora do mercado de traballo involuntariamente e gozar dunha vida aceptable (ben motivado por axudas sociais, apoio familiar,...) e por outra banda é posible estar traballando, integrado, por tanto en algún proceso produtivo, sen que se dispoña dun nivel de subsistencia e protección adecuado. Fala o autor dunha figura cada vez mais habitual que é os “pobres con traballo”.

Pois ben, esta precariedade en ambos sentidos así como a caída do contrato social e da idea de pleno emprego como a panacea da nosa sociedade fai que nos cuestionemos a centralidade do traballo na nosa sociedade, busquemos respostas e que formulemos solucións alternativas para o reestablecemento da orde social á falta do bastión no que se veu apoiando durante tanto tempo.

Para o autor o paro non é un problema que se poida solucionar cando mellore a economía, mais ao contrario, e unha situación que sempre irá a peor. É un fenómeno estrutural que tende a medrar a medida que se desenvolven as forzas produtivas da sociedade, non cabe, por tanto, esperar a restauración do pleno emprego. As sociedades capitalistas, deben, mais ben, ir pensando en outros mecanismos que permitan, xunto co traballo, realizar as funcións, de asignar aos individuos o seu sitio dentro da sociedade e máis distribuír a riqueza entre os membros da mesma.

Isto ten importantes consecuencias, sendo a principal que o traballo deixa de ser central para estruturar a sociedade, non é xa factor de cohesión, nin sequera factor de satisfacción a nivel individual. Consecuencia disto o traballo

deixará de ser o fundamento de organizacións colectivas importantes na sociedade actual coma os sindicatos e algúns partidos políticos.

Offe sinala como causa desta problemática que afecta as sociedades capitalistas modernas unha grande variedade de factores. Coincide cos autores xa tratados (Gorz e Meda) na influencia de factores tecnolóxicos, microeconómicos, macroeconómicos políticos e socio-culturais sobre o desemprego ou subemprego. Todo conflúe para que o traballo sexa mais produtivo, logo o resultado sempre será unha infrautilización da oferta de man de obra, cada vez existirá un excedente maior de traballadores. Ademais, según o autor, a redución do desemprego por medio dunha aceleración do crecemento económico resulta ilusoria posto que se requiren elevadas taxas de crecemento para evitar que o desemprego siga medrando e aínda superiores para crear emprego.<sup>19</sup>

Analizadas de xeito moi sucinto as principais razóns polas que Offe prevé o fin das sociedades baseadas no traballo, vexamos cales son as medidas que propón o pensador Pois ben, o autor, opina que ás forzas políticas quédanlle dúas alternativas básicas, a saber, ou ben se cre que as consecuencias da desorganización social que se está a vivir poden ser dominadas, controladas e finalmente eliminadas a través da restauración e o fortalecemento do mercado de traballo como factor central na orde social ou ben se cre, e se actúa de acordo a convicción de que calquera esforzo de restauración será inútil e que en lugar de tratar de eliminar as causas hai que neutralizar os efectos negativos sobre a vida dos individuos, a orde das institucións e sobre a cohesión social.

A gran maioría dos gobernos actuais, incluído o noso, optan pola primeira alternativa descrita polo autor, é dicir intentan dominar e controlar a situación por medio dun fortalecemento do mercado laboral, seguindo a estela marcada por Alemania e Suecia que xa no ano 2000 prometían reducir o desemprego hasta nun 50%, e dicir, eliminar a causa. Tres son as dimensións sobre as que

---

<sup>19</sup> O autor menciona taxas de crecemento de un 2,5% so para que as taxas de desemprego non sigan evolucionando nun artigo publicado no ano 1998. A ter en conta que desde o ano 2008 España presenta taxas de crecemento negativas.

se pode incidir para que o emprego resulte máis atractivo aos empresarios: salarios, cualificación e tempo.

Na cuestión **salarios** as políticas dos diversos gobernos tenden á redución dos salarios reais, do custo de emprego e da seguridade social, en resumo, trátase dun abaratamento do emprego mantendo uns niveis constantes de produtividade.

A segunda cuestión, a **cualificación**, coñecida como **capitalismo humano** tratase de mellorar as cualificacións dos traballadores para obter un incremento da produtividade evidentemente sen tocar o custo salarial. Os inconvenientes deste sistema aparentemente beneficioso para o traballador son moitos. Por mencionar algúns: quen se fará cargo do custo directo e indirecto que supoña a mesma, será esa formación susceptible de ser aproveitada porque se parte da base de que o traballador mais formado é mais produtivo,...

O terceiro aspecto **tempo**. Estaríamos a falar dunha flexibilización horaria por parte dos traballadores, axustar o tempo de traballo á produción real aceptando as variacións que se lle propoñan. É claro que un traballador que este disposto a aceptar esta condición incrementa o seu valor, a cuestión é ¿non podería supoñer un perigoso mecanismo para economizar o custo da man de obra?

En fin, todas as estratexias utilizadas polos gobernos son puramente defensivas. No mellor dos casos conseguen, como Alemania, que non medre o desemprego pero ¿crean novos postos de traballo?.

É ese o motivo polo que o autor avoga por a segunda alternativa: no canto de eliminar as causas dos niveis deficientes de absorción de man de obra polo mercado laboral, propón traballar en medidas que neutralicen as súas consecuencias negativas tanto sobre o individuo como, en fin, sobre o tecido social. Para el o desemprego non debe supoñer un “problema” (entendendo como tal algo que teña solución) senón un fenómeno que teñen que afrontar as economías, gobernos e sociedades do mundo da OCDE. Hai que esquecer desde xa a idea do “pleno emprego”. A súa argumentación descansa sobre varias ideas principais:

- As estratexias que avogan por un ingreso básico como dereito económico do cidadán (para diferencialo de empregado) e que non este ligado a circunstancias relacionadas co emprego. Dispoñendo deste ingreso básico os cidadáns poderían dispoñer de se ingresaban no mercado laboral ou lles era suficiente o seu ingreso de subsistencia.
- As categorías de distribución da riqueza non poden seguir ligadas ao contrato laboral. É inherente á condición de cidadán dispoñer do ingreso de subsistencia independentemente de se dispón dun traballo asalariado ou non.

Este escenario levaría a que moitas persoas se retiraran voluntariamente do mercado laboral durante un tempo ou ben entrar e saír segundo as súas circunstancias vitais. O autor incluso propón un tempo límite durante o cal se podería percibir o ingreso cidadán un tempo dedicado a outras actividades distintas do traballo remunerado. Finalmente a oferta de man de obra diminuiría e consecuentemente o problema do desemprego con ela. Agora ben, segundo esta nova perspectiva, habería que desbotar da mente a idea do traballo como valor central, o traballo deixaría de ser tanto un deber coma unha obriga do cidadán de contribuír a riqueza social pasando a ser unicamente un dereito que se pode ou non exercer segundo a vontade dos individuos e durante o tempo que estes o desexen. A sociedade capitalista deixaría de ser a sociedade do traballo e na medida en que unha parte dos individuos (aqueles que renuncien ao traballo) non participen na vida mercantil deixará pouco a pouco de ser capitalista.

### **5.4. Jeremy Rifkin: o fin do traballo<sup>20</sup>.**

Economista estadounidense autor de varios best sellers que tratan de achegar ás maiorías temas económicos e sociais de actualidade. O seu libro *El fin del trabajo. Nuevas tecnologías contra puestos de trabajo: el nacimiento de una nueva era* ve a luz no ano 1994 causando gran estupor social polos seus vaticinios sobre o fin da sociedade do traballo e o nacemento dunha nova “era postmercado”. A pesar de ser moi criticado, sobre todo pola falta de rigurosidade dos datos que analiza aol longo da súa obra, o certo é que o seu libro foi todo un boom que achegou o

---

<sup>20</sup> RIFKIN, Jeremy. *El fin del trabajo. Nuevas tecnologías contra puestos de trabajo: el nacimiento de una nueva era*. Paidós. Barcelona. 2010.

## O CUESTIONAMIENTO ACTUAL DA CENTRALIDADE DO TRABALLO

---

cuestionamento da centralidade do traballo na nosa sociedade a unha elevada porcentaxe da poboación estadounidense e do resto do mundo.

Quizás para entender ao autor debo aclarar que as teorías do mesmo parten do contexto económico e tecnolóxico norteamericano de principio da última década do século XX, e refírense a sectores nos que as innovacións tecnolóxicas causaron maior impacto e afectaron en maior medida ao traballo asalariado ou emprego.

O autor opina que entramos nunha “nova era” producida pola revolución científica e tecnolóxica e que se ve apoiada polas tecnoloxías da información e as comunicacións e a procesos de reestruturación produtiva. En palabras de Rifkin estamos ante unha nova revolución científica e tecnolóxica. Así se na primeira revolución industrial o vapor empregouse para elaborar unha serie de produtos que antes se facían manualmente e na segunda revolución o petróleo comeza a competir co carbón e empregase por primeira vez a electricidade como fonte de enerxía para facer funcionar os motores das máquinas sacando peso ao traballo humano a terceira revolución industrial que aparece tras a II Guerra Mundial cobra forza na actualidade e ten un gran impacto en como a sociedade organiza a súa actividade económica. Os robots e os ordenadores con un software cada vez mais evolucionado invaden aquela esfera do traballo humano que permanecía intacta: a do traballo intelectual. Esta última revolución é moi diferente as outras porque o brutal incremento de produtividade ao que da lugar suprimiría a maior parte dos postos de traballo actuais e faría o traballo humano moi pouco necesario.

O autor salpica toda a súa obra con exemplos, mais ou menos impactantes, apoiados en datos estatísticos que fan referencia a un incremento da produtividade e a destrución de empregos. Augura un incremento das taxas de desemprego que non se corraxirá co crecemento económico e así fai apreciacións tales como “a pesar del 2,8% de crecimiento de la economía y del brusco aumento de la productividad laboral, que se sitúa en un 4,7%- el mayor incremento desde 1950- son más de un millón los trabajadores que abandonaron por completo el mercado laboral durante el último año. Renunciaron a la búsqueda de empleo y, por lo tanto, dejaron de contar como desempleados”<sup>21</sup> e vai mais ala vaticinando un futuro non

---

<sup>21</sup> RIFKIN, Jeremy. *Ibíd.* p 22.

moito mellor “en el año 2050 puede que se necesite sólo el 5% de la población adulta para dirijir y manejar el sector industrial tradicional. Las granjas, fábricas y oficinas casi sin personal serán la norma en todos los países”<sup>22</sup>.

Cal é a diferenza entre esta etapa e o que sucedeu no pasado. Pois ben, segundo o autor, en anteriores etapas, cando se introducía o cambio científico e tecnolóxico nunha rama da actividade dos sectores primario ou secundario, desprazábanse traballadores, pero emerxían outras ramas onde se creaban novos empregos polo que o mal quedaba compensado. Poren, na actualidade os tres grandes sectores de economía: agricultura, industria-construción e terciario-servizos están a reducir emprego. Tal volume de man de obra excedente non atopa facilmente traballo en outro sector, pois en todos sobran traballadores.

Se ben e certo que a nova era nos traerá novos bens e servizos que precisan ser desenvolto, polo que se requirirán novas especialidades ocupacionais, sobre todo no ámbito do coñecemento. Pero estes empregos de nova creación non serán suficientes para dar cobertura a todos os traballadores que quedaron fora do mercado de traballo. Por outra banda estes novos empregos son cada vez mais susceptibles de ser desprazados por outros aínda mais sofisticados e que requiran menos peso de traballo humano, e non todos os traballadores “sobrantes” dos outros sectores están capacitados para ocupar este tipo de postos que se ofreceran na nova era tecnolóxica.

O autor apunta varias opcións para tratar de solucionar o problema que se presenta en relación co futuro do emprego.

- Creación de novos postos na nova era do hidróxeno.

Os grandes cambios no emprego sempre se producen en períodos da historia en que se afianzan novos rexímenes enerxéticos: enerxía de vapor e carbón crearon miles de postos de traballo consecuencia da construción de infraestructuras ferroviarias; o petróleo e a introdución do motor de combustión xunto coa electrificación das fábricas fixeron o propio nos primeiros albores dos anos sesenta do século XX. Estes novos réximes enerxéticos xeraron incrementos de produtividade pero fixeron posible a

---

<sup>22</sup> RIFKIN, Jeremy. *Ibíd.* p 25.

creación de novos bens e servizos o que derivou na necesidade de novos empregos.

A enerxía do hidróxeno e a tecnoloxía da cela de combustible están a introducirse no ámbito comercial. Causarán un gran impacto na economía mundial e como non traerán consigo a creación de miles de postos de traballo, que xunto con outras medidas lograrán absorber o excedente de traballadores.

- Xornada laboral de trinta e cinco horas semanais.

Ao igual que os autores tratados con anterioridade presenta como unha vía para solucionar o problema do excedente de man de obra. Trátase de un complemento ao anterior, pois se ben, a introdución dun novo réxime enerxético creará novos postos de traballo, isto non será unha oferta de emprego suficiente para absorber a crecente poboación de xoves que buscan traballo.

Francia foi o primeiro país do mundo en adoitar a xornada laboral de 35 horas e así en xaneiro de 2000 todas as empresas francesas con mais de vinte traballadores reduciron a súa xornada a 35 horas e dous anos despois esta medida foi aplicada tamén nas empresas de menos de 20 empregados. Os traballadores seguen percibindo ingresos por unha xornada de 39 horas semanais e o Goberno subvenciona o incremento de remuneración por hora que supón esta redución de tempo de traballo ademais de outro tipo de incentivos para a contratacións de novos traballadores (subvencion de prestacións e seguro de desemprego). Os empresarios franceses foron moi criticados por aceptar esta redución e aínda que se prevía unha baixada na competitividade do país a redución de xornada parece que produciu o efecto inverso.

- Políticas de man de obra flexible.

Países coma Bélxica foron pioneiros en instaurar as políticas laborais flexibles coa introdución dunha nova lexislación de “créditos de tempo” no ano 2002 que permitía equilibrar o mundo laboral co familiar propiciando interrupcións na carreira profesional e novas incorporacións ao mercado de traballo.

- Creación de vocacións e capital social no terceiro sector.

Outro aspecto que debe complementar aos anteriores. O autor indica que aínda aplicando as tres medidas anteriormente explicadas non sería suficiente para dar traballo a todos, por outra parte, temos o caso dos funcionarios públicos que en opinión de Rifkin tamén perderán o seu posto de traballo en elevadas porcentaxes. Propón que a incorporación ao terceiro sector ou sociedade civil no que inclúe todas aquelas actividades non lucrativas, formais e informais que constitúen a vida cultural da sociedade. Este servizo comunitario é moi diferente do mercado de traballo coñecido por nos. As contribucións fanse libremente, por interese cara os demais e aínda que se derivan consecuencias económicas da actividade, son secundarias respecto ao intercambio. Non se pretende obter riqueza senón fomentar a cohesión social. Poren estas medidas precisan un enorme financiamento por parte dos estados. O autor propón utilizar sistemas de “desprazamento da carga fiscal” gravando fiscalmente as actividades máis destrutivas para o medioambiente e destinar os ingresos a reducir os impostos sobre os beneficios empresariais, man de obra e renda. Con isto tamén se podería financiar ás organizacións do terceiro sector, fomentando o emprego na sociedade civil.

- Moeda paralela.

Moi en relación coa proposta anterior. A creación dunha moeda social é un punto fundamental para crear novos xeitos de compartir os recursos entre individuos. Para moitos desempregados ou subempregados sen medios suficientes para asegurar a supervivencia a moeda social convertiríase en medio paralelo que proporciona calidade de vida á marxe da economía de mercado.

A idea ten a súa orixe nos primeiros anos do século XX aínda que se lle atribúe ao profesor de Dereito Edgar Cahn por ser quen desenvolve a idea do “banco do tempo” na London School of Economics e pon en funcionamento o primeiro banco a finais dos 80.

### 6. O FIN MATERIAL DO TRABALLO ¿Qué indican as cifras?. O FIN DO TRABALLO COMO VALOR CENTRAL NA SOCIEDADE ACTUAL

No anterior punto deste traballo tratáronse as postulacións de diversos autores en relación coa realidade do traballo na actualidade. A maioría das teorías que revisei, afloran a finais da década dos sesenta, sendo o primeiro en tratar este tema André Gorz aínda que os mais son da década dos noventa. Todas elas auguran por diversos motivos a decadencia ou o fin do concepto de traballo tal e como o entendemos na actualidade. Unhas teorías céntranse máis na perda de peso como valor central nas sociedades capitalistas e outras prevén o fin material do traballo mesmo, destacando pola súa marcada tinguidura catastrofista Jeremy Rifkin que xa no 1994 ano da publicación da primeira edición do seu libro *El fin del trabajo. Nuevas tecnologías contra puestos de trabajo: el nacimiento de una nueva era* apuntaba con datos estatísticos o inminente desastre do esgotamento do que hoxe coñecemos como “traballo”.<sup>23</sup>

Pero ¿son realmente certas as previsións destes estudosos da materia ou tratase simplemente de puntos de vista alarmistas sobre a situación do emprego nos países desenvolvidos?.

O certo é que nos estamos a enfrontar a unha crise económica mundial e que en determinados países coma o noso tivo e segue tendo efectos destrutivos e tal vez irrecuperables no emprego pero pódese afirmar que chegou a “fin do traballo” tal e como parecían indicar todos os autores estudados.

E, por outra banda, se chega un momento en que non hai emprego para todos ou levado ao límite non hai emprego a pregunta que debemos facernos é ¿deixará de ser o traballo un valor central na nosa sociedade?. Nos dous epígrafes de este punto tratarei de dar resposta a estas dúas cuestións. A primeira delas resolverei mediante unha modesta análise de datos estatísticos de actividade, emprego e desemprego así como de implantación de novas tecnoloxías e novos modelos de

---

<sup>23</sup> Indicar que transcurridos nove anos desde a publicación do seu libro, e dicir, no inicio do ano 2004 o autor nunha nova introducción da súa obra segue mantendo a súa idea do declive da sociedade baseada no traballo, apoiándose en que o desemprego en Estados Unidos despois dunha modesta baixada no ano 2000 volveu a repuntar no ano 2003 convertíndose nun dos problemas mais acuciantes do país. O caso de EEUU non foi único e o autor moi dado ao análise de datos pon exemplos doutros países desenvolvidos que pasan polo mesmo trance.

organización do traballo por ser estes os puntos en que fundamentaban os “teóricos do fin do traballo” os seus malos augurios sobre o futuro do mesmo. A segunda cuestión que, en parte pode desvincularse da primeira, será abordada desde un punto de vista máis sociolóxico ou psicolóxico xirando en torno ás seguintes cuestións ¿que representa o traballo na vida do individuo? e ¿que valor ten o traballo como factor de cohesión do grupo social?

### **5.1. O traballo en cifras.**

No presente apartado tratarei de matizar certos puntos das anteriores teorías, pois a luz dos feitos, o traballo, aínda sendo certo que non chega para todos os que o demandan, non rematou. As sociedades capitalistas seguen a xirar e a organizarse en torno a o traballo, e aínda tendo en conta as elevadas taxas de desemprego as que se enfrontan moitos países, segue a ser factor fundamental e central.

Analizarei, neste punto, as premisas centrais nas que se baseaban os autores estudados para anunciar, con maior ou menor forza, o fin material do traballo:

#### ***1. O desenvolvemento tecnolóxico.***

O debate en torno a se o desenvolvemento tecnolóxico incide negativo no emprego e tan vello como a instauración do sistema capitalista. Desde os inicios da Revolución Industrial víase como o gran inimigo do mantemento do traballo humano a introdución das máquinas empurradas cada vez por tipos de enerxías mais potentes. A conclusión maiormente aceptada é que estas substituirían en maior ou menor medida o traballo do home. As máquinas competían cos traballadores pola súa parcela, de aí movementos coma o “ludismo” que propugnaban a oposición á mecanización dos procesos de produción mediante a introdución de máquinas.

Se ben, existen importantes diferenzas entre esta incursión das máquinas no sistema produtivo que se produce nas primeiras décadas do século XIX e a introdución das novas tecnoloxías na actualidade sendo a mais salientable, como xa apuntaba Marx, que no primeiro caso os traballadores eran desprazados a outros sectores da economía que os absorbían mais ou menos rapidamente, pero na actualidade, ¿que sectores absorben a man de obra saínte doutros nos que os

## O CUESTIONAMIENTO ACTUAL DA CENTRALIDADE DO TRABALLO

---

seus traballos foron substituídos pola continua introdución de avances tecnolóxicos nos sistemas de produción?.

Por outra banda, tampouco nos é descoñecido para ninguén que a introdución de novas tecnoloxías, aínda provocando desemprego, tamén fomentaba a propia expansión do sistema capitalista e como consecuencia a masa de traballadores expulsados é absorbido novamente e agás en fortes épocas de crise económica agudas o emprego víñase mantendo sempre en niveis óptimos.

Agora ben, parello á introdución de novas tecnoloxía, veñen cambios na organización do traballo. Así os aforros que se poidan apreciar na forza do traballo non son motivados exclusivamente pola introdución de novas máquinas máis adiantadas e potentes, senón, sobre todo aos cambios nos modelos organizativos en que estas se inxiren. A combinación de ambos factores: introdución de novas tecnoloxías e mais cambios na organización do traballo dan lugar a novas formas na organización como o Just in Time, Producción Flexible, Especialización flexible, teletraballo,... Entón descartase a conclusión a que chegaban Gorz e, sobre todo, Rifkin relativa á sinalar como única causa do aforro de man de obra e a súa expulsión do mercado de traballo ás novas tecnoloxías senón máis ben a decisións que toman as empresas tendo en conta factores externos e cambios na organización, decisións que por outra banda están determinadas polos sistemas de relacións laborais vixentes en cada momento e polas relacións empresarios-traballadores.

A introdución de novas tecnoloxías, aínda tendo como finalidade primordial incrementar a produtividade, o contexto socioeconómico onde se inxiran as mesmas vai xogar un papel fundamental en relación aos resultados que produza. Se a súa inserción está orientada cara o aumento do beneficio empresarial aforrando traballo humano e abaratando o que non é substituído, e evidente que teñen influencia directa no desemprego. Agora ben, tamén crean emprego as empresas produtoras de novas tecnoloxías aínda que non é comparable a súa destrución, sendo o saldo claramente desfavorable en países avanzados. Este factor aforrador de emprego, que antes se facía notar máis no sector industrial e agrícola, estende na actualidade os seus efectos a todos os sectores da economía.

Porén, para moitos autores, entre eles Castells<sup>24</sup>, non se pode falar dunha relación directa entre introdución de novas tecnoloxías e incremento do desemprego, senón que se deben ter en conta outro conxunto de factores que tamén inciden na evolución do emprego como política inmigratoria, evolución da familia, distribución institucional da xornada laboral no ciclo vital, e novos sistemas de relacións industriais.

Con similares argumentacións, G Therbon, despois de realizar estudos relativos á evolución do emprego en países da OCDE chega á conclusión de que o factor causante dos elevados niveis de desemprego son o conxunto de decisións que emanan dos distintos axentes sociais e políticos, non sendo un fenómeno que non ten solución e que escapa á capacidade do home:

“ El desempleo no es una fatalidad ni el efecto necesario de las anónimas y perversas fuerzas del capitalismo contemporáneo: es una posibilidad inherente al capitalismo. Pero sin el soporte, consciente o inconsciente, o la aceptación estratégica de los políticos y asesores económicos de la derecha y la debilidad y abdicación de los socialdemócratas y, en algunos momentos, de los encandilados sindicalistas, crédulos aceptantes de los argumentos liberales, el alto desempleo podría haber sido evitado.”<sup>25</sup>

É certo que a introdución de novas tecnoloxías nos sistemas de produción non é aséptica, é certo que persegue uns resultados, e por tanto vai influír nas condicións dos traballadores. Ademais non se pode perder de vista que nas sociedades capitalistas o que se pretende a grandes trazos é obter un máximo valor dos bens producidos, e que a introdución de novas tecnoloxías nos diversos segmentos da produción faise para incrementar a produtividade e posiblemente reduzan man de obra. Agora ben, volvamos ás propostas que Marx facía no seu momento: o problema non era a máquina senón o sistema capitalista que oprimía ao traballador. Pois ben, no caso que nos ocupa, o problema non é a implantación de novas tecnoloxías por si sola, senón os cambios na organización do traballo que van

---

<sup>24</sup> RODRIGUEZ GUERRA, Jorge. Op cit.p 77 citando a Castells, M en *La era de la información*

<sup>25</sup> RODRIGUEZ GUERRA, Jorge. Ibídem.p 78 citando a Therborn, G en *Por qué en algunos países hay mas paro que en otros.*

collidos da man das mesmas os que poden resultar causantes do aforro de man de obra.

A introdución de novas tecnoloxías en unha análise a longo prazo e realizada no conxunto da economía pode ser moi beneficiosa posto que traerá como resultado melloras da calidade do produto e tamén da produtividade o que aumentará a competitividade das empresas no mercado polo que se darán incrementos de demanda dos produtos o que trae como consecuencia a necesidade de incrementar a man de obra. Pode suceder, que se observamos certos sectores, a introdución de novas tecnoloxías reduza o nivel de emprego pero se o crecemento económico acadara cifras aceptables este excedente de man de obra en certos sectores sería necesario en outros- sobre todo no sector servizos.

Un exemplo a ter en conta para apoiar as anteriores argumentacións e o caso de Estados Unidos, país con un elevado índice de nivel tecnolóxico en todos os ámbitos, pois ben, o nivel de desemprego do mesmo estase a reducir e non é así en países da zona euro e con un nivel de implantación tecnolóxica sen dúbida mais baixo como Grecia, Portugal ou incluso España.

Podemos entón concluír que a introdución de novas tecnoloxías non é causa directa dos elevados índices de desemprego como pretendía Rifkin no seu ensaio culpando á mellora tecnolóxica de xerar parados sen pararse a analizar se o problema pode ter que ver, entre outros aspectos, coas medidas de consolidación fiscal aplicadas polos gobernos e que están a reducir a demanda agregada e por tanto a creación de emprego tan necesaria, sobre todo en Europa.

### ***2. A situación do emprego nos países da OCDE.***

Neste epígrafe pretendo analizar moi brevemente cal é a situación real do emprego nos países pertencentes á Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económico (en diante OCDE) para poder concluír se verdadeiramente o traballo se está esgotando como pretendían os “teóricos do fin do traballo”.

No informe elaborado pola OCDE Employment Outlook 2012- Perspectivas de Empleo 2012 indicase o seguinte en relación coas elevadas taxas de paro:

## O CUESTIONAMIENTO ACTUAL DA CENTRALIDADE DO TRABALLO

---

*“En mayo de 2012, la tasa de paro de la zona de la OCDE era de un 7,9 por ciento, lo que equivale a alrededor de 48 millones de personas sin empleo, casi 15 millones más que cuando comenzó la crisis financiera a finales de 2007. Las proyecciones económicas de la OCDE de mayo de 2012 indican que la creación de empleo continuará siendo débil en muchos países de la OCDE y que es posible que el paro siga siendo de alrededor de un 8 por ciento en la zona de la OCDE a finales de 2013. Las perspectivas son aún más desalentadoras en la zona del euro, en la cual el paro está aumentando de nuevo y se prevé que aumentará aún más antes de estabilizarse en 2013.”<sup>26</sup>*

A pesares de ser evidente o desastre e non haber perspectivas de melloría, polo menos a curto prazo, non se prevé en ningún momento que este sexa o fin do traballo. Polo contrario, tras expoñer a gravidade da situación no mencionado informe propóñense medidas para a recuperación e reestablecemento da situación do emprego nos países da OCDE.

Porén, a situación é desalentadora, o paro segue sendo alto e sobre todo afecta mais aos xoves, chegando a falarse xa dunha xeración perdida, e aos parados de longa duración. A recuperación é negativa nalgúns países como no noso e moi lenta en outros.

A cuestión é que gran parte das decisións que se deberían tomar para corrixir a situación e guiala cara unha saída non son medidas do mercado de traballo e aínda que é algo que se escapa do tema obxecto do presente proxecto pódese afirmar que unha estabilización do sistema bancario, facer mais lenes, na medida do posible as políticas fiscais que se están a impoñer nos distintos países,... poderían contribuír ao crecemento do emprego.

¿Cal é a situación en cifras?<sup>27</sup>

Desde o inicio da crise podemos falar dunha recuperación económica moi débil e marcada pola desigualdade nos países membros da OCDE, é mais, algúns volveron a entrar en crise. Segundo datos do informe da OCDE anteriormente

---

<sup>26</sup> OECD Employment Outlook 2012- Perspectivas de Empleo 2012 (2012) OCDE

<sup>27</sup> Ver en ANEXOS. Táboa 1. “Taxa de desemprego nos países da OCDE” e Táboa 2. “Desempregados por tempo”

## O CUESTIONAMENTO ACTUAL DA CENTRALIDADE DO TRABALLO

---

mencionada falase da “recuperación... (económica) máis débil das catro últimas décadas”. Esta situación ten gravísimas repercusións no mercado de traballo que de non actuar sobre elas a tempo levarían a “perder” a moita xente que agora mesmo está desempregada da poboación activa futura como xa pasou en anteriores crises económicas.

A taxa de paro no conxunto de países da OCDE pasou do 8,3% no ano 2009, máximo rexistrado desde a Segunda Guerra Mundial, a un 8,2 % no ano 2012. Deixando atrás as porcentaxes, para afondar na repercusión humana, isto equivale a mais de 46 millóns de persoas sen emprego e sen perspectiva de atopalo a curto prazo na zona da OCDE, aproximadamente 15 millóns máis que ao inicio da crise do emprego recoñecida no mes de decembro do ano 2007. Segundo proxeccións máis recentes da OCDE (maio 2012) é previsible que a taxa de paro seguirá sendo elevada e que so descendera levemente a un 7,7 % a cara finais do presente ano.

Atrévome a dicir que estamos ante unha das mais graves situacións de déficit de emprego que se viviron desde fai anos. O incremento dos niveis de emprego preciso para que o cociente emprego-poboación retorne aos niveis anteriores á crise e inalcanzable nestes momentos.

Esta situación ensáñase especialmente cos xoves, cos traballadores menos cualificados e cos parados de longa duración. O emprego pouco cualificado diminuíu desde o comezo da crise en case 5 puntos porcentuais en relación co emprego total e o xuvenil 7 puntos. O traballo temporal, na actualidade represente unha proporción maior do emprego total que antes da crise, as empresas non se queren arriscar a contratar traballadores indefinidos nesta situación de total incertidume a pesar de que os gobernos faciliten o despedimento e fagan cada vez mais laxa a protección nestes casos ao traballador.

A situación varía de uns países da OCDE a outros. A taxa de paro atopase entre o 3,5 e o 5,5 en nove países (Australia, Austria, Xapón, Corea, Luxemburgo, México, los Países Baixos, Noruega y Suiza) diminuíu de xeito salientable desde que comezou a crise en Alemania, onde pasou dun 8,2 no ano 2007 ao 5,5 no ano 2012. No outro extremo da escala, nove países presentan porcentaxes elevadísimos todos de dous díxitos, entre eles España que pasou dun 8,3 no 2007

## O CUESTIONAMIENTO ACTUAL DA CENTRALIDADE DO TRABALLO

---

a un 25,2 no 2012 (Estonia, Francia, Grecia, Hungría, Irlanda, Italia, Portugal, la República Eslovaca). Polo que se refire á Unión Europea no seu conxunto, a taxa de paro aumenta desde finais do 2011 mentres que en Estados Unidos comeza a descender.

Outro problema de graves consecuencias tanto actuais como futuras é o paro de longa duración (máis de un ano) que continúa aumentando na zona da OCDE. En porcentaxe de poboación activa, pasou de un 1,6 % ao comezo da crise a un 2,9 a finais de 2011. En porcentaxe de paro total media da OCDE aumentou do 27 ao 35 % durante o mencionado período. A taxa de paro de moi longa duración, é dicir, dous anos ou mais, tamén se incrementa pasando dun 0,9 ao inicio da crise a un 1,5 a finais de 2011.

Mais aínda aqueles traballadores en idade activa pero que non participan na poboación activa, que están dispostas e dispoñibles para traballar pero xa non buscan traballo, aumenta 0,3 puntos porcentuais desde que comezou a crise. Parece esta unha cifra irrisoria pero é enorme se temos en conta que se trata dun 30% mais de persoas que despois da crise se desanimaron pola dificultade de atopar un emprego.

Este é, a grandes trazos, e desde a mirada de alguén non douto na materia, o panorama a que nos enfrontamos na actualidade e, parece ser, que no futuro. Desde logo a cousa non pinta ben e case serían de entender as conclusións de Gorz e de Rifkin ante tal perda acelerada de emprego. Pero, ¿cal é o futuro do emprego nos países capitalistas?

Vistos os datos expostos so me atrevo a trasladar as conclusións obtidas no informe sobre as perspectivas de emprego da OCDE e que de xeito resumido expoño a continuación:

- ✓ Débil recuperación económica inflúe negativamente no mercado de traballo. Non é suficientemente forte para frear o crecemento do paro e por outra banda provoca a crecente marxinação dos parados de longa duración e demandantes de emprego desanimados. Finalmente existe o risco de que o

paro se converta en estrutural sobre todo en algún países nos que aumentou a atonía do mercado de traballo.

- ✓ De darse recuperacións no mercado de produtos conlevaría melloras no mercado de traballo.
- ✓ As políticas do mercado de traballo xogan un importante papel a fin de reducir os riscos de que se incremente o paro i) velando por que as persoas que perden o emprego e especialmente as que corren risco de ser parado de longa duración non vexan depreciada a súa cualificación profesional a consecuencia dun prolongado período de paro e non perdan empregabilidade podendo incorporarse sen problema unha vez se recupere o mercado de traballo e ii) eliminando calquera obstáculo que impida a un demandante atopar emprego e a un empresario contratar.
- ✓ E fundamental que se comprendan os mecanismos que fan que os aumentos cíclicos da atonía do mercado de traballo sexan máis persistentes ou incluso estruturais.

### **5.2. A centralidade do traballo.**

Tratarei neste punto o outro importante aspecto do meu proxecto: a análise da perda de centralidade do traballo como valor na sociedade actual.

Penso que pese aos cambios que están a darse na sociedade o traballo segue a ser un valor central, se cabe mais central que antes pois tanto os cidadáns como a sociedade en xeral lle seguen a conceder un valor e dar unha importancia primordial. Varios son os argumentos nos que se basean os estudosos da materia para defender o mantemento do traballo como un valor central nas sociedades actuais. Tratarei de centralos en catro grandes ítems: transformacións nas sociedades capitalistas e perda da centralidade do traballo, traballo como fonte de valor económico, traballo como factor de identidade e desenvolvemento persoal e traballo como factor de vínculo social.

### 1. Transformacións nas sociedades capitalistas e perda da centralidade do traballo.

É ben certo que a organización do traballo propia das sociedades capitalistas, o traballo asalariado, sufriu e está a sufrir grandes cambios, moitos deles serán tratados no punto sexto do presente proxecto.

Co nacemento e esplendor do Estado de benestar entre os anos cincuenta e sesenta do século pasado a importancia do traballo acada o seu máximo, deixa de ser un ben calquera co que comerciar sometido ás leis da oferta e da demanda a ser unha actividade regulada e sobre todo protexida. Porén cos reveses que está a sufrir o Estado de benestar tamén cabería supoñer o derrubo do traballo como valor central da sociedade.

Isto non é así polos seguintes motivos:

- Nas sociedades nas que non opera o Estado de benestar tal e como o entendemos o traballo segue a ser central e organízanse en torno a el.
- Centrándonos nas sociedades de capitalismo avanzado. O Estado de benestar non desapareceu simplemente mudou despois de sufrir varias reformas para adaptarse á conxuntura económica. Non obstante, cabe indicar que na actualidade a sociedade xira, se cabe, mais en torno ao traballo sendo a verdadeira obsesión dos Estados a creación de emprego, da igual de que tipo e con que custos. O certo é que se non fai tanto tempo se tiñan certos privilexios por ser un simple cidadán agora téñense por ser traballador, o que fai que a cidadanía sexa mais dependente do seu emprego. Cada vez endurecécese mais os requisitos para obter prestacións e a duración e contía das mesmas vese moi reducida, en fin, vivimos unha “descidadanización” dos dereitos sociais adquiridos tras anos de loita e a súa vinculación ao emprego.
- O emprego está a sufrir novamente un proceso de mercantilización, é dicir, as relacións laborais tenden á individualización volve a converterse nun ben co que se negocia, isto leva á creación de peores empregos pero tamén a unha dependencia dos mesmos posto que “o importante é traballar” non importa en que tipo de traballo nin en que condicións.

## O CUESTIONAMENTO ACTUAL DA CENTRALIDADE DO TRABALLO

---

A conclusión é que cada vez somos mais dependentes do traballo, necesítamolo para vivir. Nas últimas décadas parece que as condicións de emprego non fan mais que empeorar. Pero ao revés do que poida parecer, tal inseguridade laboral fai aínda mais importante e codiciado ter un traballo.

Non cambiou tanto a centralidade do traballo como valor social, senón a visión xa non tan idealizada que se tiña do mesmo, pero segue sendo mais importante ter traballo aínda que nos faga dependentes a non telo.

### **2. Traballo fonte de valor económico.**

Non foron poucos os autores que apuntaron a perda de valor do traballo humano coa introdución de novas tecnoloxías na produción. Isto non pode ser aceptado por varios motivos.

- É precisamente con traballo humano como se chega e crear novos sistemas de produción. Desde a idea hasta a implantación e a súa proba é traballo do home ¿quen senón realiza os procesos de I+D?, pois a forza de traballo, e tanto é así que se considera que teñen valor porque se son realizados por persoal propio da empresa o custo que isto supoña engádese, a nivel contable, ao custo do ben incrementando o seu valor. Entón o traballo humano produce plusvalías, cousa distinta é que as veces non sexan tan fáciles de medir ou ben non se queira ver a súa realidade.
- Se cesa o esforzo da forza laboral detérase a produción. So con capital non se produce nada. Un proceso de produción sen forza de traballo é unha fantasía.

En resumo, no sistema capitalista a forza de traballo non so non desaparece senón que gaña importancia.

### **3. Traballo factor de identidade e desenvolvemento persoal.**

O traballo ten unha dimensión económica que é a que mais se ve posto que na sociedade actual existe unha forte tendencia a medir e controlar todo, pero tamén ten unha dimensión persoal e unha dimensión social. Neste epígrafe abordarei a dimensión persoal do traballo.

## O CUESTIONAMIENTO ACTUAL DA CENTRALIDADE DO TRABALLO

---

O traballo perfílase como unha actividade necesaria para a configuración da personalidade.

O traballo, aínda tendo como fin a satisfacción de necesidades materiais para o individuo, é dicir o mantemento da vida- compoñente de obrigatoriedade- tamén cumpre unha función de realce da identidade persoal. Independentemente de que a persoa se sinta mais ou menos identificada co seu traballo, que lle produza maior ou menor pracer ir a traballar,... o traballo xera un sentimento de identidade.

Por outra banda o traballo é ordenador do tempo vital. Organizamos a nosa vida en torno ao traballo e sen el non saberíamos como ocupar o noso tempo senón buscando actividades que emulen os ritmos da actividade laboral. De tal xeito o temos gravado que incluso nas primeiras etapas do desemprego é moi común que a persoa siga os mesmos horarios que cando traballaba.

### **4. Traballo, vínculo social.**

Finalmente o traballo é unha relación social na que diversas persoas entran en contacto e establecen relacións.

O traballo postúlase, entón, como artífice esencial do vínculo social, iso si forzado pois de seguro que non nos relacionaríamos de boa gana con todas as persoas que nos rodean no traballo. A sociedade capitalista precisa para o seu correcto funcionamento crear un enramado de relacións e integrar aos individuos nas mesmas, de xeito que o emprego foi e segue a ser o mecanismo utilizado para producir pero tamén para manter un orde social.

O traballo é elemento non voluntario de integración social, do que non podemos escapar por iso o desemprego ten efectos tan devastadores en quen o sofre porque ademais de perder a súa fonte de ingresos vese desprazado do grupo no que estaba integrado, e así salvo casos moi excepcionais a perda do emprego significa a perda do “lugar” na sociedade.

Agora mesmo vivimos un déficit de “lugares que ocupar” polo que ao que se chega e a unha degradación da man de obra tal que se ofrece a prezos moi baixos para facer o traballo que sexa porque se é certo que o traballo nos embrutece, nos limita

## O CUESTIONAMIENTO ACTUAL DA CENTRALIDADE DO TRABALLO

e non nos permite realizar as actividades que desexamos non é menos certo que a súa falta supón un sufrimento maior.

Por todo o exposto, e mais alá dos desexos de cambio que poidamos sentir, o traballo, hoxe mais que nunca segue a ser unha necesidade vital e non so por razóns puramente económicas, senón por que a través do mesmo construímos a nosa identidade, desenvolvemos as nosas potencialidades, e sobre todo, sentímonos útiles para a sociedade, dignos e aceptados na comunidade.

### **7. CARA UN CAMBIO NO CONCEPTO DE TRABALLO.**

---

Dúas eran as liñas de argumentación dos sociólogos que prognosticaban o fin inminente do traballo. Por unha banda, a introdución de novas tecnolóxicas así como outros factores, dan lugar a que as elevadas taxas de desemprego se manteñan no tempo converténdose nun fenómeno estrutural independente da conxuntura económica e que ademais medren de xeito permanente. Entón para unha gran parte da poboación o emprego xa non é a súa realidade diaria posto que ou o perderon ou o ven enormemente precarizado. O resultado é que se deixará de organizar a vida en torno ao traballo, este será considerado, con sorte, unha actividade entre outras tantas. Por outro lado, temos a importancia subxectiva que os individuos atribúen ao traballo: este comeza perder valor, xa non é a clave da emancipación persoal e social da persoa, xa non é motivo de realización persoal e base do vínculo social, polo contrario vaise considerar o traballo como algo negativo algo do que se hai que liberar. Non se pode perder de vista o cambio de valores culturais da sociedade. Pasamos dunha sociedade na que era valor central a acumulación de riqueza pola que conseguiríamos gozar de bens materiais saídos dos procesos de produción o que levaba a que o home traballara mais e mais a fin de saciar os seus desexos a un novo sistema de valores no que o traballo convertese nun medio para poder vivir pero outras esferas teñen mais importancia: o ocio, o desfrute da arte, cultura, a amizade, a vida privada,... o home aspira a bens postmateriais que non necesariamente se acadan por ter mais riqueza ou traballar mais.

En canto ás postulacións acerca do fin do emprego podemos concluír, despois do tratado no punto quinto do presente proxecto que o emprego, non se acaba, e desde logo non parece que o vaia facer, alomenos dun xeito inmediato. Agora ben, é innegable que o concepto que temos de emprego sufriu fortes transformacións desde os anos sesenta do século XX.

En canto ao fin do valor central do traballo na nosa sociedade, creo conveniente estudar os cambios que tiveron lugar no emprego para logo ver se este perdeu centralidade o non. ¿Cales son as mais importantes transformacións que sufriu o

emprego? Seguindo a Jorge Rodríguez Guerra<sup>28</sup> tomarei como mais relevantes as seguintes transformacións do concepto de emprego: a flexibilidade laboral, a terciarización do emprego, a feminización da forza do traballo, a precariedade do emprego, a flexibilización do tempo de traballo, o aumento das desigualdades salariais e a debilidade dos sindicatos.

### **7.1. A flexibilidade laboral nos seus distintos niveis. O camiño cara a flexiguridade<sup>29</sup>.**

De xeito parello aos os cambios sociais e económicos constantes o modo en que os cidadáns (europeos) viven e traballan tamén vai cambiando. Está claro que cada vez é menos frecuente aquilo que para nosos pais era tan común: o mesmo traballo para toda a vida. Así salvo excepcións contadas, por exemplo, no noso país polo de agora a Administración Pública, a maioría dos traballadores pasará por moitos e moi diversos empregos e terá que ir adaptándose do mellor xeito posible aos mesmos. A sociedade esixe cada vez mais flexibilidade aos traballadores adaptación a novos postos e os cidadáns á súa vez esixen seguridade (non no posto de traballo senón no emprego en xeral).

*“Los ciudadanos europeos aceptan la necesidad de adaptación y cambio. De ellos, un 76 % admite que los empleos de por vida con un mismo empleador son cosa del pasado y considera que, hoy en día, ser capaz de cambiar de empleo fácilmente es una baza útil para encontrar trabajo; un 72 % afirma que se deberían flexibilizar los contratos de trabajo para fomentar la creación de empleo; y, por último, un 88 % ha indicado que la formación regular mejora las posibilidades de carrera”<sup>30</sup>*

Pero a realidade, é que as políticas teñen como finalidade ou ben aumentar a flexibilidade das empresas- que é o que estamos a ver actualmente no sistema de relacións laborais español- ou ben a aumentar a seguridade dos traballadores.

E por elo que desde a Unión Europea propónse un enfoque integrado xurdindo o concepto de flexiguridade: potenciase a flexibilidade e ao mesmo tempo a

---

<sup>28</sup> RODRIGUEZ GUERRA, Jorge. Op.cit

<sup>29</sup>Comunicación da Comisión ao Parlamento Europeo, ao Consello, ao Comité Económico e Social Europeo e ao Comité das Rexións. Hacia los principios de la flexiguridad: mas y mejor empleo mediante la flexibilidad y la seguridad. Bruselas 2007

<sup>30</sup> Ibídem p 4

seguridade. Entendendo flexibilidade non so como a maior liberdade das empresas para realizar contratacións e despedimentos do traballador- que parece que é o único enfoque que se lle está a dar- senón tamén visto desde o punto de vista da progresión dos traballadores, de ascender, se o desexan cara mellores empregos, de capacitálos para elo. En canto á seguridade, como xa mencionei, nos tempos que estamos a vivir sería unha quimera esperar estar toda a vida no mesmo posto de traballo, realizando as mesmas tarefas, trátase de que cando as persoas polo motivo que sexa perdan o seu emprego teñan facilidade para volver a integrarse no mercado de traballo e mentres dispoñan dunhas prestacións de desemprego xustas e adecuadas para facilitar as transaccións do traballador de un emprego a outro así como plans de formación que se acheguen a realidade das exigencias do mercado laboral e por tanto que faciliten a integración no mesmo.

As políticas de flexibilidade deberían realizarse a través de catro eixos, a saber:

- Disposicións contractuais flexibles e fiables.
- Estratexias globais de aprendizaxe permanente que permitan aos traballadores afrontar os cambios do mercado de traballo.
- Políticas activas de mercado laboral que axuden e tutelen a busca de emprego.
- Sistemas de Seguridade Social modernos que cubran de xeito adecuado períodos de non actividade, desde logo, acompañados de o debido asesoramento e orientación cara a busca de novos empregos.

Agora ben, para que estas políticas de flexibilidade, se fagan realidade e funcionen correctamente fai falta unha equilibrada combinación da seguridade de ingresos que ofrece o sistema de seguridade social en caso de emprego con unha “estratexia” adecuada encamiñada a facilitar a transición ao emprego.

Se non se ofrece ao traballador seguridade en canto a prestacións de desemprego, nin seguridade en canto a un sistema correcto de formación que o encamiñe novamente ao mercado laboral a flexibilidade será un fracaso e o único que se conseguirá e abaratar o despedimento contratar man de obra cada vez mais barata e en condicións mais precarias, e en fin incrementar as taxas

de desemprego así como achegarse perigosamente á forma extrema de flexibilidade: o emprego sumerxido.

### **7.2. O cambio sectorial na economía: a terciarización do emprego.**

Este é un tema que leva analizándose desde finais dos anos sesenta do século XX, a terciarización das sociedades capitalistas e o postindustrialismo ou postmodernismo. As sociedades van evolucionando, van cambiando, xa non se demanda o mesmo; así se as sociedades industriais se definían pola acumulación de bens as sociedades postindustriais van a definirse pola calidade de vida dos seus membros medida por servizos e comodidades dos que dispoñen- desde os máis básicos (saúde, educación) hasta os menos esenciais aínda que non por elo menos desexados (cultura, arte, diversión,...).

Sen entrar no debate de se existe “mito” no tema de terciarización da sociedade e de que estamos ante un tipo de economía industrial posto que catalogamos de servizos ao que realmente é produción de bens, por ser un tema que non entra dentro das pretensións deste proxecto, vou intentar delimitar o que se entende por sector servizos posto que dada a enorme heteroxeneidade do concepto faise difícil analizar se o emprego se incrementou ou descendeu no sector.

Pois ben, temos por unha banda as definicións máis clásicas como a de C. Clark<sup>31</sup> que distingue os tres sectores da economía: primario, secundario e terciario. Pero está claro que a medida que as economías debeñen mais complexas hai que abandonar ou completar estas clasificacións da actividade económica.

Outra definición dada pola OCDE para distinguir o que é un servizo é “un servizo é de carácter intanxible, é difícil de almacenar e esixe a interacción directa (a miúdo cara a cara) do produtor e o consumidor”<sup>32</sup>. Desde logo é unha definición moi ampla para unha realidade tan complexa e adoce de non incluír

---

<sup>31</sup> RODRÍGUEZ GUERRA, Jorge. Op cit

<sup>32</sup> Informe OCDE Perspectivas de empleo 2000 p 160

a todos os servizos e tal vez, de incluír actividade que non podendo cualificarse de servizo poida cumprir as características descritas.

Está claro que delimitar fielmente o que supón o sector servizos é unha cuestión difícil e parece que hai que enténdelo como todo o que non pertence ou non se pode encadrar en: agricultura, minería, pesca e industria e con cautelas porque aínda así dentro destas actividades se realizan traballos que corresponden ao sector servizos pero non se miden dentro del .

Unha clasificación amplamente aceptada das actividades que se poden encadrar no sector servizos é a de Browning e Singelman e que recolle catro grandes sectores (servizos de produción, de distribución, persoais e sociais) e que posteriormente a OCDE subdivide nun informe confeccionado no ano 2000 en dezaseis actividades diferentes<sup>33</sup>:

- a) Servizos de produción.
  - Servizos ás empresas y profesionais.
  - Servizos financeiros
  - Servizos de seguros
  - Servizos inmobiliarios
- b) Servizos de distribución
  - Comercio ao por menor
  - Comercio ao por maior
  - Servizos de transporte
  - Comunicacóns
- c) Servizos persoais
  - Hoteis, bares e restaurantes
  - Servizos recreativos, espectáculos e servizos culturais
  - Servizo doméstico
  - Outros servizos persoais
- d) Servizos sociais.
  - Administración pública en sentido estricto (civil ou militar)
  - Servizos sanitarios

---

<sup>33</sup> Informe OCDE Perspectivas de empleo 2000 p 161

- Servizos educativos
- Servizos sociais varios.

En todo caso, e aínda tendo en conta que o sector servizos é moi amplo e heteroxéneo por condensar a moitas e moi diversas actividades os estudos realizados sobre a materia coinciden en concluír que observando as cifras de emprego hasta finais do século XX pódese ver o mantemento dunha tendencia ascendente da proporción do emprego no sector servizos sobre o emprego total.

¿A que é debido este incremento do emprego no sector servizos? Os estudos apuntan dúas grandes causas:

- Pódese falar de unha desindustrialización tras a crise económica de 1973 que fai que traballadores procedentes sobre todo do sector secundario sexan absorbidos polo sector servizos.
- Apúntase tamén a unha ilusión estatística posto que moitas empresas industriais están tomando como costume a externalización e subcontratación de certos servizos polo que empregados que antes se computaban no sector industria agora pasan a formar parte do dos servizos.
- Oferta dunha maior gama de servizos por parte do sector público derivada do auxe do Estado de benestar: servizos sociais, educación,...
- Incremento da poboación activa.

Sen entrar a analizar as causas ou cal ten maior ou menor influencia sobre o incremento do nivel do emprego no sector terciario o que está claro é que nas últimas décadas o emprego no sector servizos foi incrementándose nos países da OCDE. Agora ben, hai que tomar estas conclusións con cautela, non podemos afirmar que todo este incremento do emprego sexa un incremento real, senón un trasvase de man de obra dos outros sectores da economía cara o sector servizos e por outra banda o certo é que os países nos que mais se nota o incremento do sector servizos (Estados Unidos, Noruega, Australia,...) son os mesmos que presentan un incremento substancial nos outros sectores.

### **7.3. A incorporación da muller ao mercado de traballo.**

Historicamente as mulleres traballaron na mesma medida que os homes. Porén debido ao predominio de sociedades patriarcais o traballo destas non foi recoñecido

publicamente e por tanto en escasas ocasións se reflectía nas estatísticas oficiais e de facelo os datos que destas se desprendían pouco ou nada tiñan que ver coa realidade. E por elo que antes de abordar o presente epígrafe considero necesario recordar unha cuestión xa mencionada en varios apartados deste proxecto pero que considero importante ter en conta neste punto en concreto. Trátase da diferenciación entre traballo e emprego, conceptos que como mencionei anteriormente non teñen o mesmo significado pero que son de xeito habitual usados indistintamente. Así traballo é toda actividade que require ou esforzo físico e/ou intelectual e que é útil para a subsistencia humana e emprego é simplemente un xeito, moi estendido, de organizar o traballo polo que a actividade antes mencionada presenta as seguintes características: desenvólvese cara o exterior-faise pública e visible-, está recoñecida polo resto da sociedade e está remunerada.

Pois ben, xa aclarado o anterior, no presente epígrafe tratarei da incorporación da muller ao emprego. Un fenómeno de vital importancia posto que fixo que as cifras de poboación activa medraran nos países da OCDE nos últimos corenta anos de xeito moi significativo e que por tanto vai supoñer cambios na apreciación do mercado de traballo<sup>34</sup>.

Así no conxunto da actual Unión Europea a taxa de poboación activa feminina medrou de un 54% a finais dos anos 80 a preto dun 60%. Agora ben debemos interpretar con cautela estes datos por dous motivos:

- Existen grandes diferenzas entre países e así nun extremo temos casos coma os de Dinamarca con unha taxa de sobre 76% fronte ao 45% de países coma Italia que se sitúan no outro extremo. En canto a España a taxa sitúase actualmente nun 46% do total da poboación activa<sup>35</sup>.
- Esta incorporación masiva da muller á poboación activa non supón que de seguido se atope un emprego, mais ben reflecten o cambio na mentalidade da muller que por diversos motivos opta por saír do ámbito familiar-reproductivo e

---

<sup>34</sup> Ver ANEXOS. Táboa 3. Evolución poboación activa homes 1980-2012 e Táboa 4. Evolución poboación activa mulleres 1980-2012.

<sup>35</sup> Datos obtidos de La situación de las mujeres en el mercado de trabajo. Ministerio de Empleo y Seguridad Social. Secretaría de Estado de Empleo. (8 de marzo de 2013) e <http://www.oecd.org/statistics/>

está disposta a buscar un emprego. Non todas o conseguen e as taxas de desemprego son notablemente máis elevadas que as masculinas e así a modo de indicación e exceptuando países coma Xapón e Estados Unidos onde o desemprego feminino non e tan alarmante na Unión Europea hai casos en que as taxas de desemprego femininas son case o dobre que as masculinas. Ademais e por factores que se escapan ao obxecto deste estudo o paro feminino é máis permanente que o masculino e está máis aceptado socialmente polo que se fai menos visible nas reclamacións sindicais e incluso nas estatísticas oficiais.

A modo de resumo de todo o anterior podemos concluír que desde os anos sesenta a muller incorporouse masivamente ao mercado de traballo e que pasou a incrementar notablemente as cifras de poboación activa e tamén e como consecuencia as taxas de desemprego.

Vexamos agora dúas cuestións non menos importantes da inserción da muller no mundo laboral, por unha banda ¿Cando se incorpora? ou dito de outra maneira en que situación social e económica e ¿Cómo se incorpora? ou ben, en que condicións laborais.

a) Situación social e económica na que se incorpora a muller ao mundo laboral.

✓ Historicamente as mulleres incorporábanse ao mercado de traballo en dous momentos: ben en etapas de expansión económica onde había escaseza de man de obra e tamén en épocas de guerras onde non había man de obra masculina. Estas mulleres que eran utilizadas para que non se vira minguada a produción habitual eran logo expulsadas do mercado de traballo xa fora por decisión propia ou por presión social. A incursión da muller no mercado de traballo era, entón, conxuntural, polo que non influía, ou polo menos, non o facía durante moito tempo na configuración do mercado de traballo. Porén, na actualidade, a incorporación da muller ao mercado de traballo é característica estrutural do mercado. A muller entra no mercado de traballo coa intención de quedarse de ocupar un sitio nel.

✓ De unha época a esta parte estase a dar unha transformación no comportamento da actividade laboral da muller de mediana idade (25-49). Hasta finais dos anos 60 a maioría das mulleres traballadores eran solteiras

e/ou non tiñan fillos posto que o matrimonio e a crianza non eran compatibles co mundo do traballo, así a muller, de poder acceder á vida laboral o facía de xeito efémero, hasta ter a primeira cría, o que na gran maioría dos casos a obrigaba (ben por necesidade real, ben por presión social) a dedicarse ás tarefas reprodutivas. Con sorte volvería a incorporarse ao mercado de traballo cando os fillos estiveran criados e emancipados. Pero actualmente a muller non interrompe a súa traxectoria laboral para coidar da súa prole, aínda que en moitas ocasións teña que duplicar o seu traballo e renunciar a tempo de descanso.

Isto é consecuencia, entre outros, dos seguintes factores:

- un cambio de mentalidade na sociedade e na muller que desexa realizar tarefas socialmente recoñecidas e igualarse ao varón,
- que os dous membros da parella teñan salario representa unha axuda económica á familia e un xeito de non perder poder adquisitivo en épocas de crise económica e constantes reducións salariais
- as recentes políticas públicas de apoio e fomento da incorporación das mulleres ao mercado de traballo mediante as que o Estado pretende facerse cargo desa parte de traballo familiar asignado exclusivamente á muller. Neste eido aínda queda moito por facer, porén, o debilitamento do estado de benestar non é de esperar ver moitas melloras salientables. O que sí sería preciso sería fomentar un cambio de mentalidade no conxunto da sociedade así como a corresponsabilidade no reparto das tarefas.

b) En que condicións se incorpora a muller ao mercado de traballo.

Pois o acceso da muller ao mercado laboral está tinxido de un mercado carácter discriminatorio tanto en materia de carreira profesional, de salario e incluso de recoñecemento polo seu quefacer.

En canto ao emprego nos diversos sectores podemos concluír que as man de obra feminina é absorbida en case a súa totalidade polo sector servizos destacando actividades no fogar (91%); servizos sanitarios e sociais

(76,29%); educación (66,35%); administración pública (43,02%) e tendo representación de entre 10% e 20% en industria e transporte<sup>36</sup>.

Unha vez vistos estes breves apuntes sobre o emprego feminino nos diversos sectores económicos, pasarei a examinar as diferenzas en canto aos postos de traballo desempeñados por mulleres e homes. Respecto a esta cuestión o 61,70% da man de obra que está levando a cabo traballos non cualificados son mulleres. O 61,03 % dos empregos no sector servizos (restauración e atención persoal) son ocupados por mulleres así como o 65,14% dos postos de traballo administrativos. Os homes ocupan os postos de traballo considerados cualificados nas industrias manufactureiras, construción e minería acadando case un 93%<sup>37</sup>.

No lado oposto so un modesto 11,5 % de mulleres ocupan postos en Consellos de Dirección de empresas do IBEX-35.

Por tanto parece que se pode concluír que as mulleres enfrontámonos a maiores obstáculos tanto na incorporación ao mercado laboral como, unha vez xa incorporadas, no proceso de promoción. Isto por non mencionar que a muller tamén se ve máis afectada pola precariedade derivada da flexibilidade do traballo que deriva nun incremento de contratos a tempo parcial e máis a temporalidade no emprego que serán puntos a tratar en outro epígrafe<sup>38</sup>.

### **7.4. A distribución irregular da xornada. O traballo a tempo parcial. A temporalidade no emprego.**

A flexibilidade do traballo ten varios compoñente e un deles é a flexibilidade no tempo de traballo e outra a flexibilidade de entrada saída do mercado de traballo

#### *7.4.1. O traballo a tempo parcial. A anualización da xornada de traballo.*

En canto á flexibilidade no tempo de traballo podemos distinguir: a flexibilidade na xornada de traballo e o traballo por tempo inferior ao habitual.

---

<sup>36</sup> Datos extraídos de INE. Encuesta de población activa. 4º Trimestre del 2011.

<sup>37</sup> Mujeres en Cifras. Instituto de la Mujer. INE. EPA 4º Trimestre de 2011

<sup>38</sup> *Ibidem*.

## O CUESTIONAMIENTO ACTUAL DA CENTRALIDADE DO TRABALLO

---

Historicamente os sistemas de organización do traballo fundamentábanse sobre a base de traballos a tempo completo con xornadas distribuídas de xeito uniforme ao longo do ano, sendo o habitual: 8 horas/ día; 5 días/semana; 4 semanas/mes e 11 meses/ano con un mes de vacacións). As únicas licenzas de flexibilidade xiraban en torno á realización de horas extra, nos supostos e cos límites que impoñen as diversas lexislacións; o traballo nocturno e a quendas en certas actividades e tamén regulado.

Este sistema de organización sofre moitos cambios desde o seu nacemento hasta a actualidade, cambios que se reflicten basicamente na anualización da xornada laboral e no traballo a tempo parcial.

### a) **O traballo a tempo parcial**<sup>39</sup>.

O Convenio núm 175 da Organización Internacional de Traballo (en diante OIT) recolle a seguinte definición en relación ao que se entende por traballador a tempo parcial: «La expresión ‘trabajador a tiempo parcial’ designa a todo trabajador asalariado cuya actividad laboral tiene una duración normal inferior a la de los trabajadores a tiempo completo en situación comparable»<sup>40</sup>. Fálase de traballadores en situación comparable porque o número de horas de traballo semanal ou mensual que se considera normal tratándose de persoal suxeito ao réxime de dedicación completa pode variar considerablemente segundo a profesión ou actividade de que se trate.

Tendo en conta a imprecisión da definición faise relativamente difícil medir a importancia deste tipo de traballos na economía. A nivel estatístico existen tres maneiras de computar os traballadores a tempo parcial: en enquisas de fogares: fiándose do que o enquisado entende por tempo parcial, fixando un umbral de horas (30 horas/semana) por debaixo do cal é considerado tempo parcial e a combinación de ambas que é a que nos da uns resultados máis fiables.

Porén a situación complicase novamente ao querer comparar datos de diversos países posto que cada un ten unha concepción diversa do tempo parcial xa que a

---

<sup>39</sup> Informe sobre el trabajo a tiempo parcial. Consejo Económico Social (18 de septiembre de 1996)

<sup>40</sup> Convenio 175 de la Organización Internacional del Trabajo. <http://www.ilo.org/ilolex/cgi-lex/convds.pl?C175>

## O CUESTIONAMIENTO ACTUAL DA CENTRALIDADE DO TRABALLO

---

definición da OIT tradúcese das mais diversas maneiras nas lexislacións nacionais. E por elo que existen estudos do que se entende por “tempo parcial” nos distintos países<sup>41</sup>

Observando os datos relativos ao traballo a tempo parcial nos países da OCDE<sup>42</sup> pódemos extraer as conclusións seguintes:

- Para o conxunto dos países da OCDE e desde o ano 2005 hasta o pasado ano o incremento dos traballos a tempo parcial foi moderado pasando de 15,21% ao 16,86%, tendo un enorme peso a participación feminina.
- Agora ben, estes datos amosan realidades moi distintas. Así no ano 2005 observamos taxas moi baixas en países coma Eslovaquia, Eslovenia, Turquía, Portugal e incluso España así como porcentaxes moi elevados en Holanda, Noruega, Reino Unido, Suecia. Coincide que os países que teñen unha elevada porcentaxe de traballo a tempo parcial tamén teñen unha elevada taxa de participación feminina no mercado de traballo.
- En canto aos incrementos nas porcentaxes seguen sendo tímidos en todos os países, de xeito que se observa un incremento progresivo pero mantéñense aqueles países nos que xa existían elevadas porcentaxes de traballo a tempo parcial
- Parece que o traballo a tempo parcial foi unha das formas de inclusión da muller no mercado de traballo e non so un mecanismo de redución de xornada coa consecuente redución de salario.

Despois de vistos os datos hai unha segunda cuestión no traballo a tempo parcial que non se pode pasar por alto. Debemos formular a distinción fundamental de se é voluntario ou involuntario ¿elixiu o traballador ese réxime deliberadamente, ou tivo que aceptar un horario reducido porque non atopaba traballo a tempo completo? ou o que aínda é peor ¿está contratado a tempo parcial e traballa a xornada completa? A primeira cuestión é tida en conta polos especialistas en estatística laboral e separada como unha forma de subemprego e non como traballo a tempo parcial. En canto á primeira debería ser perseguida polos órganos de control de cada país

---

<sup>41</sup> Por exemplo Estudio de Van Bastelaer, Lemaître y Marianna publicado por OCDE a fin de poder realizar comparacións a nivel internacional.

<sup>42</sup> Ver ANEXO. Táboa 5. Evolución traballadores a tempo parcial

coa máxima dureza posto que con ela infrínxense dereitos dos traballadores gañados fai anos amén de supoñer un fraude ao sistema de seguridade social.

Se observamos nos Anexos a Táboa 6<sup>43</sup> obtemos unha visión do traballo a tempo parcial que non se desprende da anterior estatística e é que no conxunto dos países da OCDE do total de traballadores a tempo parcial preto de 16 millóns están contratados baixo esta modalidade de xeito involuntario e preferirían traballar mais horas. E aínda mais esta diferenza entre traballadores a tempo parcial que o fan voluntariamente e traballadores a tempo parcial que preferirían outra situación non se observa nos países onde o traballo a tempo parcial presenta máis altos porcentaxes senón que chama a atención o dato de Xapón ou incluso de España onde se no ano 2005 tiñamos 622.000 traballares baixo a modalidade de contrato a tempo parcial dispostos a traballar mais horas no 2012 pasamos a ter cerca de un millón e medio, mais do dobre, descontentos coa súa situación.

Para finalizar cabe indicar que debemos ser moi precavidos á hora de facer comparacións entre diversos países en relación co traballo a tempo parcial. Agora ben se temos en conta as series temporais nun mesmo país non plantexan ese problema. Así podemos constatar que efectivamente houbo un importante incremento da proporción de empregos a tempo parcial durante os últimos anos nos países máis desenvolvidos, incremento que parece motivado en gran parte polo índice de actividade feminino (comparemos coa Táboa 3. Evolución da poboación activa. Mulleres 1980-2012) e co crecemento do sector servizos dentro do emprego total e tamén entendo que motivado polas políticas que optan por “repartir o traballo” ou redistribuír ante o temor a elevar aínda máis a taxa de desemprego por medio dunha redución da oferta de emprego fronte ás políticas que se basean non aumento da súa demanda procurando xerar máis emprego.

En canto á cuestión de se vai a aumentar ou diminuír o fenómeno do traballo a tempo parcial, as tendencias dos diversos países non son homoxéneas pero en principio parece que o aumento é xeral en todos os países da OCDE.<sup>44</sup>

---

<sup>43</sup> Ver ANEXOS. Táboa 6. Evolución de traballadores a tempo parcial involuntarios

<sup>44</sup> Bollé Patric. Trabajo a tiempo parcial. ¿Libertad o trampa?. Revista Internacional del Trabajo, vol. 116 (1997), núm. 4

## O CUESTIONAMIENTO ACTUAL DA CENTRALIDADE DO TRABALLO

---

O segundo aspecto a tratar neste epígrafe en relación á flexibilidade do tempo de traballo era a anualización da xornada de traballo. Pois ben, nos diversos países da OCDE vense dando unha ruptura do histórico cómputo do tempo de traballo: diario ou semanal.

A tendencia é a organización do tempo dentro do ano, a realización dun cómputo anula que supoñería o tope máximo da xornada de traballo e dentro deste permitir distribucións irregulares da mesma.

Ábrese, deste xeito un amplo abano de posibilidades á hora de combinar ou distribuír a xornada (case sempre a opción da empresa e en moi poucas ocasións por necesidades do traballador).

Un exemplo claro na nosa lexislación foi a modificación do artigo 34.1 Real Decreto Legislativo 1/1995 de 24 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores<sup>45</sup> que fixa apra a semana <<a duración máxima da xornada...(en)...corenta horas>>. Porén estas corenta horas semanais son <<de promedio en cómputo anual>> o que quere dicir que se pode regular por convenio propio ou impropio unha <<xornada irregular ao longo do ano>>, é dicir, que uns días, semanas, ou meses se traballe mais que outros.

Vemos con este exemplo, que se repite en case todos os países da OCDE que a xornada de referencia semanal xa non é o habitual, dándose unha extremada flexibilidade neste aspecto, agora ben, tendo sempre presente, no caso de España os totais anuais – resultado de multiplicar por corenta o número de semanas hábiles ao ano.

O caso español non fai mais que seguir o exemplo do que se viña facendo noutros países europeos, sendo a tendencia actual a de non fixar o tempo de traballo en función da semana natural senón de períodos que negocian as partes sociais e que non supera o ano aínda que tamén cabe apuntar que cada vez tendese máis á individualización das relacións laborais e a tendencia e a negociar no propio contrato as mencionadas condicións. Por tanto a norma é a distribución irregular.

---

<sup>45</sup> Real Decreto Legislativo 1/1995 de 24 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores

Neste sentido algúns autores falan dos “parias do tempo social” referíndose a aqueles traballadores que teñen os horarios desaxustados é a dessincronización do tempo laboral e o tempo social.

### *7.4.2. A temporalidade no emprego<sup>46</sup>.*

Nos anteriores apartados tratei a flexibilidade externa/ numérica na dimensión referida á tempos de traballo, pois ben, neste epígrafe tratarei de abordar a flexibilidade desde o punto de vista da contratación/despido en función das necesidades da produción o que da lugar á temporalidade no emprego.

Antes de comezar a comentar os datos considero moi importante facer unha distinción entre a temporalidade contractual do emprego e a temporalidade real. Fareino con un exemplo moi ilustrativo como o do mercado de traballo de Estados Unidos. Se nos fixamos nos datos observamos un elevado número de contratos indefinidos porén tamén ten como característica salientable o alta mobilidade dos seus traballadores en comparación cos europeos e os xaponeses que tenden a permanecer mais nos seus postos así como a escasa protección contra o despido isto leva a que se de unha “menor permanencia real no emprego” presentando elevadas taxas de rotación.

Pola súa banda, Europa, debido a estrita regulación neste aspecto e a negociación dos sindicatos presenta unha maior estabilidade no emprego, e taxas de rotación baixas. Polo menos este era o aspecto fai unhas décadas. Así era o caso de Xapón, país no que case era un rasgo cultural a permanencia na mesma empresa toda a vida laboral.

Esta situación cambio tanto en Xapón coma en Europa aínda que por diversos motivos que tratarei de resumir a continuación.

No caso de Xapón o cambio prodúcese nos anos 60 coa introdución por Toyota dunha nova forma de organizar a produción: estamos ante o nacemento do “just in time” agora emulado por tantas industrias. Pois ben, este novo xeito de organización vai provocar unha paulatina externalización de segmentos de

---

<sup>46</sup> ANEXOS. Táboa 7. Temporalidade no emprego países da OCDE.

produción en pequenas e medianas empresas que proporcionan man de obra so cando se precisa. Isto ten como resultado a división da poboación en dúas clases de traballadores, sobre un 40% de traballadores de grandes empresas que teñen estabilidade no emprego e que manteñen o seu posto de traballo para toda a vida e outro segmento amparado por contratos temporais a disposición das grandes empresas.

O caso de Europa é distinto pois parte de índices de temporalidade moi baixos debido a rixidez das lexislacións no tema do despedimento así como a presións sindicais e vai elevándose paulatinamente debido a crise económica e a tendencia a flexibilidade laboral.

Indicar tamén un dato que non é descoñecido para ninguén pero que cabe reiterar e é que o mais prexudicado tanto pola temporalidade como polo subemprego volve a ser o feminino. Son outra vez as mulleres as grandes perdedoras no camiño cara a flexibilidade laboral.

En canto a temporalidade por sectores, esta afecta en maior medida a: construción, hoteis, actividades culturais,... sectores todos eles afectados pola crise económica e en postos que esixen baixas cualificacións. Agora ben, cabería facer estudos sobre a temporalidade e a precariedade laboral no sector público sobre todo en sectores como a sanidade e a educación que polo menos en España nótrense en elevados porcentaxes de traballadores temporais.

En todo caso a crise económica, os procesos de externalización, a subcontratación,... crean elevadas taxas de temporalidade no emprego e aquelas lexislacións laborais que endurecían os supostos que amparaban o contrato temporal fanse mais permisivas no camiño cara uns mercados de traballo cada vez mais desregularizados e dominados pola precariedade.

### **7.5. A desigualdade salarial**

Outro dos grandes cambios no mercado de traballo e a brecha cada vez mais ampla entre as retribucións do traballo de execución e as do traballo de concepción e dirección.

## O CUESTIONAMIENTO ACTUAL DA CENTRALIDADE DO TRABALLO

---

Esta é outra das características da flexibilidade laboral e que é un mal xeneralizado no conxunto dos países da OCDE aínda que non en todos co mesmo grao de intensidade e así aumentou moitísimo en Estados Unidos e no Reino Unido, tamén en Canada, Finlandia, Australia, Francia, Nova Zelandia, Suecia, Austria e Xapón.

Canto maior flexibilidade do mercado de traballo maior brecha de desigualdade salarial se abrirá, sendo o caso de Estados Unidos o mais representativo onde existen inmensas diferenzas salariais relacionadas coas diferenzas en educación e/ou cualificación da forza de traballo. Os traballadores con baixa cualificación son os grandes perdedores tanto polas baixadas reais de salarios como pola brecha que abre a desigualdade salarial. Neste sentido é moi ilustrativo o artigo de P. Krugman, publicado no noso país baixo o título de “EEUU: todo para los más ricos”<sup>47</sup> que describe as diferenzas entre a sociedade dos 50-60 do pasado século e a actual:

*“(...)Cuando yo era un muchacho que aprendía a hacerse hombre allá en Long Island, una de mis excursiones preferidas consistía en darme una vuelta por la Costa del Norte para admirar los magníficos palacetes de la Edad de Oro. Aquellas mansiones eran monumentos a una época de la sociedad ya desaparecida, una época en la que los ricos podían permitirse los ejércitos de criados que hacían falta para mantener una casa del tamaño de un palacio de Europa”*

Pero na actualidade a cada vez maior brecha que se está abrindo entre uns traballadores e outros provoca a eliminación dunha clase media, creando dous niveis moi diferenciados un no que se acumula a grande parte da riqueza e outro que malvive por salarios miserables:

*“En el transcurso de los últimos 30 años, la mayoría de la población no ha visto más que modestos aumentos de salario: el salario medio anual, expresado en dólares de 1998 (es decir, descontada la inflación), ha aumentado en los Estados Unidos desde los 32.552 de 1970 a los 35.864 de 1999, lo cual representa alrededor de un 10% de incremento en un total de 29 años; un avance, pero no muy grande. Durante el mismo periodo de tiempo, sin embargo, de acuerdo con la revista*

---

<sup>47</sup>KRUGMAN,P.(2002),“EEUU: todoparalosmásricos”<http://www.elmundo.es/nuevaeconomia/2002/147/1036227823.html>

*Fortune, la retribución media anual de los 100 primeros de la lista de máximos directivos empresariales pasó, en términos reales, de 1.300.000 dólares, 39 veces el salario de un trabajador medio, a 37,5 millones de dólares, más de 1.000 veces el salario de los trabajadores normales”.*

Según Krugman, en EEUU estase a producir unha extrema polarización da riqueza. Pero no seu artigo vai mais alá e apunta que non é ese o único problema, posto que tamén se están a incrementar cada vez mais as diferenzas salariais entre os traballadores.

Esta situación parece estarse trasladando, aínda que non de xeito tan acusado a Europa. Cada vez é mais frecuente a negociación individual das condicións de traballo sobre todo no caso de altos directivos pero tamén esta costume estase a estender a mais amplas franxas de traballadores provocando deste xeito unha maior desigualdade entre a clase obreira e provocando o que se deu en denominar “traballadores pobres” que son aqueles que a pesar de ter un emprego os ingresos que este lle xera non son suficientes para vivir en tanto outros traballadores perciben cantidades obscenas en pago ao seu traballo.

O realmente grave non é so a situación de fragmentación social, falta de cohesión e integración que esta situación produce senón que o que se consegue e unha división tal da clase traballadora que cada vez fai mais difícil a acción colectiva e, por tanto, a posibilidade de reverter a situación para unhas condicións mais favorables para todos os traballadores é mais difícil.

### **7.6. A debilidade das organizacións sindicais.**

Este é outro dos grandes cambios no mercado laboral aos que estamos a asistir. as organizacións sindicais, que se considera tiñan que loitar polos dereitos sociais, teñen cada vez menos poder. O poder asociativo dos traballadores diminuíu de xeito acentuado (menos afiliados e menor actividade obreira)

Esta situación e causa e tamén consecuencia dos procesos de cambio no mercado de traballo que fun enumerando nos puntos anteriores. Causante dos cambios non favorables para os traballadores porque a súa debilidade non lle permitiu actuar en pro dunhas condicións mais favorables e no seu lugar obsesionáronse con negociar

## O CUESTIONAMIENTO ACTUAL DA CENTRALIDADE DO TRABALLO

---

co capital e co Estado a creación de emprego a calquera custo. Consecuencia dos cambios precisamente porque ao ter como único e último obxectivo a creación de emprego descoidaron outros aspectos da negociación e perderon credibilidade entre a clase traballadora que xa de por si está fortemente fragmentados.

Os elevados índices de desemprego tampouco axudan pois é difícil por parte do desempregado confiar en que o sindicato vaia axudarlle na súa situación en lugar de defender os dereitos dos que están traballando e é menos difícil, pero tampouco doado, para o sindicato conectar co desempregado.

Outro aspecto a ter en conta é que a figura do afiliado: sexo masculino e procedente do sector industrial está cambiando e case se podería substituír por traballadora da administración pública, traballador da hostalería, contratos a tempo parcial, contratos temporais, ... non sei en que medida os sindicatos se están adaptando a estes novos membros, porque as súas estruturas non están pensadas para eles senón para o modelo histórico de membro.

Se xuntamos ese conxunto de causas co pouco afán dos gobernos polo mantemento do poder sindical e mais co cambio por parte dos empresarios nas condicións de negociación que cada vez se volven máis agresivas temos como resultado a perda total de forza na negociación dos sindicatos. Isto non quere dicir que vaian a desaparecer, pero é necesaria unha modificación de estrutura e de ideario para poder adaptarse as novas condicións do mercado de traballo, para, en fin poder representar á nova lexión de traballadores. Trataríase do nacemento de asociacións que mantiveran dalgún xeito vínculos que perduraran no tempo coas “persoas” (non so cos traballadores) e forxaran unha nova solidariedade internacional entre as clases obreiras máis oprimidas polo sistema.

### 8. CONCLUSIÓN

---

No presente estudo tratouse de analizar as dúas dimensións do traballo: traballo coma valor central, vínculo de cohesión social, factor de identidade individual e por outra banda traballo como actividade, traballo xerador de bens, traballo medio de vida.

No punto cinco do mesmo abordáronse as principais teorías que defenden o fin do traballo, algunhas entendendo que é unha catástrofe inevitable como a proposta polo norteamericano Jeremy Rifkin, outras concluíndo que é un xeito de evolución da sociedade que permitirá aos homes desenvolver outras actividades mais satisfactorias a nivel persoal e que conseguirá facer mellores sociedades, destacando neste extremo André Gorz.

Creo que todas elas teñen puntos en común:

- Todas preconizan o fin do traballo no sentido material, esgotamento do traballo como factor de produción posto que chegará, ou xa chegou, un momento que non haxa traballo para todos. Auguran, entón o fin da sociedade capitalista.
- Entre as causas do fin material do traballo, en xeral apuntan a dúas moi importantes: a introdución das novas tecnoloxías da información e mais os elevados índices de desemprego.
- Relacionan a falta de postos de traballo en relación coas persoas que os demandan e a precarización dos poucos que hai con unha perda de centralidade do traballo na vida das persoas.

Neste apartado de conclusións tratarei de expoñer a miña opinión sobre a cuestión tratada nos puntos anteriores plasmándoa en varios apartados.

#### 8.1. ¿O fin do traballo ou a transformación da sociedade salarial?.

Despois do tratado no punto sexto do presente proxecto en relación co avance cara un novo concepto de traballo podo concluír que o emprego non se acabou e non é previsible que o faga nun futuro próximo. Agora ben, non cabe dúbida de que sufríu

## O CUESTIONAMENTO ACTUAL DA CENTRALIDADE DO TRABALLO

---

importantes transformacións sobre todo se facemos unha comparativa co emprego que predominaba nos anos 50 e 60 do pasado século.

As transformacións sufridas poderían subsumirse no novo xeito de organización do traballo que parece que vai impoñerse na actualidade: a flexibilidade. Dentro duns anos viviremos como unha ilusión o “traballo para toda a vida” porque cada vez será mais frecuente a mobilidade, a transformación das condicións contractuais, a entrada e saída do mercado de traballo,...en fin a total adaptación da man de obra aos ritmos e necesidades do sistema produtivo.

Desgraciadamente esta situación tradúcese na realidade do traballo actual caracterizada pola precariedade, a variedade e a complexidade pero ¿fai isto que o traballo perda a súa centralidade? A resposta, na miña opinión, debe ser radicalmente negativa. A organización das sociedades capitalistas sustentase sobre a extracción de valor e a subordinación da clase traballadora e por iso o traballo é algo do que a inmensa maioría dos membros da sociedade non podemos prescindir para vivir literalmente, ademais de ser o eixo ó redor do que se configura a identidade individual e un factor de inserción na sociedade. Como vamos pretender, entón libramos de algo que é imprescindible para a nosa emancipación.

Pero o traballo non é so fundamental a nivel individual. Non podemos perder de vista que é piar fundamental de organización da sociedade. So con capital non se produce. A sociedade capitalista non pode prescindir do traballo como forma de organización.

Agora ben, con isto non se poden aceptar a ruta que están seguindo as condicións materiais dos traballadores nos países capitalistas mais avanzados e sobre todo tendo en conta a gravísima crise económica que nos está a asolar. A superexplotación, a precarización, o aumento de desigualdades salariais, a marxinação social e a pobreza de cada vez mais amplas capas da sociedade fan que non vexamos tan lonxe a sociedade do século XIX.

Pero ¿existe a posibilidade de aceptar a sociedade capitalista pero non o xugo do traballo? Eu entendo que si sempre que:

- Non se retroceda nos dereitos gañados pola clase obreira fai décadas

## O CUESTIONAMENTO ACTUAL DA CENTRALIDADE DO TRABALLO

---

- Non se converta o traballo nun ben calquera, e dicir, non se mercantilice a forza laboral desregularizándose as relacións laborais.
- Non so se loite pola creación de emprego, senón polas condicións en que este se crea.

Pero se ben a crise económica e as súas consecuencias sobre o traballo fan que percibamos este dun xeito negativo danse os presupostos básicos para que as organizacións das clases traballadoras propulsen cambios estruturais na sociedade capitalista, cambios ademais que redundarán no mantemento da mesma, pois a sobreexplotación de recursos naturais, a mercantilización extrema e o consumismo salvaxe están facendo que as sociedades cheguen aos seus límites mais alá dos cales é improbable que o sistema capitalista poida avanzar.

Se ben se dan unhas condicións reais favorables para que se loite polo cambio as condicións subxectivas non son as mesmas. As clases traballadores están demasiado fraccionadas, non existe unha vontade colectiva debido a múltiples e variadas causas de índole política e social, algunhas delas xa vistas no punto sexto do proxecto, destacando: anteriores fracasos de revolucións sociais no século pasado, conversión das organizacións de traballadores en entes tal vez demasiado burocratizados e cuxo único obxectivo é negociar co capital e co Estado a creación de mais e mais emprego perdendo de vista as condicións en que este se crea, o individualismo que ascende na sociedade fai que se perda a antiga solidariedade de clase,...

Efectivamente esta situación fai que “desencantemos” o emprego que o poñamos en cuestión tanto como unha forma de reparto equitativo da renda na sociedade capitalista así como valor social. Pero non podemos afirmar con isto que renunciemos ao traballo, senón que criticamos a forma en que dexenerou a organización do mesmo nas sociedades capitalistas. Se dalgún xeito o traballo se organizara adecuadamente e en condicións favorables para os individuos non perdería ningunha das súas características positivas. O cómo xa sería temática de outro traballo, aínda que ao final do presente punto tratarei de facer unha recompilación de diversas propostas para o cambio realizadas por organizacións públicas e por estudosos da materia.

### **8.2. Algunhas visións alternativas á sociedade salarial<sup>48</sup>.**

#### *1. Traballadores-empresarios.*

Proposta polo investigador Michael Godet que xunto co seu grupo de colaboradores apuntan que os cambios que estaba a provocar a crise, entre eles a diminución do crecemento económico, deixan obsoletas as antigas formas de organización do traballo. Na actualidade o que se esixe e capacidade de adaptación da empresa as circunstancias unha maior flexibilidade. Por outra banda, as normas laborais demasiados ríxidas non lle dan ao empresario ese marxe de manobra para adaptarse e opta pola non contratación e por tanto a non xeración de emprego.

Ante esta situación eles propoñen que cada individuo sexa o seu propio empresario. Con isto o traballo non perdería o seu carácter de factor de desenvolvemento persoal e o individuo sentiríase plenamente identificado con el.

Isto acadaríase:

- Separando tanto xurídica como institucionalmente o que é traballo do que é emprego.
- Creando empresas sen traballadores asalariados
- Contratos de actividade en lugar de contratos de traballo
- Etc.

#### *2. Os contratos de actividade como substitutos dos contratos de traballo.*

Trátase dunha proposta encargada no ano 1995 polo Primeiro Ministro francés Boissonnat e que desembocou no Informe que leva o seu nome a fin de facer propostas para afrontar o desemprego masivo en Francia.

Trátase de reemplazar o contrato de traballo por contratos de actividade que consiste en establecer unha relación de varios anos entre cada un dos actuais asalariados e unha entidade colectiva, composta por un grupo de empresas/organismos cubicados nunha determinada rexión e coordinados entre si

---

<sup>48</sup> GARZA, Enrique, NEFFA Julio. El futuro del trabajo- El trabajo del futuro. CLACSO, Buenos Aires 2001  
OECD Employment Outlook 2012- Perspectivas de Empleo 2012 (2012) OCDE

para xestionar a forza de traballo. Ademais non se producirían rupturas do contrato porque nunca habería interrupción na actividade posto que o asinante do contrato podería ser requirido por varios entes.

O contrato de actividade presentaría varias características, entre elas: claridade de clausulado, simplicidade, estabilidade e coherencia. Sería un contrato individual que fomentaría a mobilidade do traballador entre diversas empresas e que tería en conta o itinerario profesional do mesmo. Loxicamente debería estar ben identificado o colectivo de empregadores que se comprometen respecto de cada traballador individual, establecer un mínimo de dereitos e alternar formación e actividade para así ir creando itinerarios profesionais que incrementen a polivalencia dos traballadores. Así mesmo debería definir as garantías existentes en materia de ingresos a partir do momento en que perda vixencia.

Con isto conseguiríase resolver o problema de necesidade de adaptación das empresas así como evitar a temporalidade dos empregos.

### 3. Substitución do contrato de traballo polo estatuto.

O profesor François Gaudu parte da premisa que tras a crise económica de 1970, a curto ou medio prazo sería imposible subsanar o déficit de emprego e para corrixir a situación propón substituír o contrato de traballo pola outorgación ás persoas dun estatuto.

O estatuto sería unha relación laboral dos individuos desocupados coa sociedade no seu conxunto sen vincularse a unha empresa en particular. Deste xeito propoñeríanselle ao desocupado actividades, non necesariamente produtiva de bens/servizos, a realizar, que unha vez aceptadas e levadas a cabo terían como contrapartida un ingreso.

### 4. Economía plural. Creación ou consolidación do “terceiro sector da economía”

Son varias as propostas que propugnan como solución ao desemprego masivo o desenvolvemento de actividades do “terceiro sector” “sector social” da economía, entre eles Jeremy Rifkin.

Todas conflúen no seu punto de partida: o mantemento do pleno emprego é imposible na nosa sociedade ademais o emprego non pode ser a única actividade do home senón que hai que velo coma unha modalidade de traballo mais. Como non é posible que todas as persoas accedan a un emprego e hai que asegurar que todas realicen unha actividade debese buscar unha solución.

A proposta é crear postos de traballo no ámbito da “economía solidaria”. Os traballadores que os ocuparan estarían a cargo de organizacións e asociacións sen fins lucrativos. A condición para crealo é que este permanentemente subvencionado e que se ocupe de aquelas actividades que non estean a cargo dos demais sectores: Estado ou mercado.

### 5. Crecimiento verde. Influencia nos traballadores e nas políticas do mercado de traballo.

A OCDE propón no seu informe Perspectivas de Empleo 2012 a transición a unha economía verde, non xeradora de carbono e eficiente no uso dos recursos, e indica que este cambio será un factor transformador do mercado de traballo. A propia OCDE propuxo unha ampla estratexia para lograr un crecemento verde no ano 2011. No que a políticas relacionadas co mercado de traballo tratase de desenvolver cualificacións a fin de maximizar os efectos positivos para os traballadores.

Os poderes públicos deberían comprometerse a:

- Reasignar man de obra. Traballadores que se despracen de empresas en declive, sobre todo as que teñen influencia no medioambiente a empresas verdes en expansión. Tratase de promover a flexibilidade mediante a garantía de incorporación nas novas empresas verdes tras a perda do seu emprego.
- Ensinar aos traballadores competencias verdes. Formalos nas novas ocupacións mediante a creación de novas cualificacións e a formación complementaria. Deberían por tanto incrementar a súa capacidade de detectar novas necesidades nas cualificacións sen esperar a que xurdan.
- Crear sinerxías entre a política de medioambiente e a política de emprego.

### *6. Creación dunha renda básica, ingreso cidadán ou salario social.*

Trátase de unha proposta que está moi en auxe nos últimos anos aínda baixo diversas denominacións. Consiste en un ingreso universal e incondicionado ao que tería dereito calquera cidadán dun país polo mero feito de selo.

E unha proposta interesante, tendo en conta que a curto/ medio prazo prevense unhas elevadas taxas de desemprego e aínda reducíndose custará moito acadar a situación anterior á crise. Con isto garantiríase á totalidade da cidadanía ter unha renda que lle permita vivir autonomamente e con dignidade. Non sería un seguro de desemprego (non estaría nin relacionado co emprego senón que estaría totalmente desvinculada del).

Agora ben ¿cómo se financiaría? E de ter financiamento, por exemplo, vía impostos a empresas mais contaminantes non supoñería unha maneira de renderse, de deixar caer os brazos ante a imposibilidade de promover novas formas de crear emprego para todos.

Para concluír simplemente dicir que na miña opinión non estamos ante o fin do traballo, entendendo este como actividade produtiva, nin sequera ante o fin do emprego. Agora ben as sociedades capitalistas están chegando ao seu límite e isto está a afectar ao mercado de traballo moi negativamente, a solución non é renunciar ao traballo, senón a forma en que este está organizado na sociedade. Renunciar á precariedade, a sobreexplotación, ao abuso, as diferenzas salariais obscenas,... aínda que isto non o creo posible sen renunciar á sociedade capitalista ou transformala nunha sociedade mais austera que a do capitalismo avanzado renunciando ao consumismo sen fin no que estamos imbuídos porque a longo prazo é o que nos leva ao capitalismo.

### 9. BIBLIOGRAFÍA

---

- ANDER EGG, Exequiel. Técnicas de Investigación Social
- BOLLE, Patric. Trabajo a tiempo parcial. ¿Libertad o trampa?. Revista Internacional del Trabajo, vol. 116 1997, núm. 4
- GARZA, Enrique, de la e NEFFA Julio. El trabajo del futuro. El futuro del trabajo. CLACSO, Buenos Aires 2001
- GORTZ, André. *La metamorfosis del trabajo*. Editorial Sistema. Madrid. 1997
- GORTZ, André. Adios al proletariado (Mas allá del socialismo). El viejo topo. Barcelona.1982
- HARRIBEY, Jean Marie. *El fin del trabajo: de la ilusión al objetivo*. En DE LA GARZA, Enrique, NEFFA Julio. El futuro del trabajo- El trabajo del futuro. CLACSO, Buenos Aires. 2001
- KRUGMAN,P.,“EEUU: todo para los más ricos” en [www.elmundo.es/nuevaeconomia](http://www.elmundo.es/nuevaeconomia) 2002
- MEDA, Dominique. *El trabajo. Un valor en peligro de extinción*. Editorial Gedisa. Barcelona .1998
- MEDA, Dominique. *¿Qué sabemos sobre el trabajo?*. Revista del Trabajo vol nº 6 Enero-Noviembre 2007
- OFFE, Claus y otros. *¿Qué crisis? Retos y transformaciones de la sociedad del trabajo*. Tercera Prensa- Hirugarren Prentsa SL. Donostia.1997
- RIFKIN, Jeremy. *El fin del trabajo. Nuevas tecnologías contra puestos de trabajo: el nacimiento de una nueva era*. Paidós. Barcelona. 2010
- ROCHER, Guy. *Introducción a la sociología*. Herder. Barcelona 1996
- RODRIGUEZ GUERRA, Jorge. *La transformación de la sociedad salarial y la centralidad del trabajo*. Talasa. Madrid. 2006
- WEBER, Max. *Sociología del trabajo industrial*. Editorial Trotta. Madrid. 1994
  
- Comunicación da Comisión ao Parlamento Europeo, ao Consello, ao Comité Económico e Social Europeo e ao Comité das Rexións. Hacia los principios de la flexiguridad: mas y mejor empleo mediante la flexibilidad y la seguridad. Bruselas 2007
- Convenio nº 175 de la OIT

## O CUESTIONAMIENTO ACTUAL DA CENTRALIDADE DO TRABALLO

---

- Real Decreto Legislativo 1/1995 de 24 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores
  
- Informe sobre el trabajo a tiempo parcial. Consejo Económico Social (18 de septiembre de 1996)
- Informe sobre La situación de las mujeres en el mercado de trabajo. Ministerio de Empleo y Seguridad Social. Secretaría de Estado de Empleo. (8 de marzo de 2013)
- OECD Employment Outlook 2012- Informe Perspectivas de Empleo 2012
- OECD. Employment Outlook 2002. Informe Perspectivas de Empleo 2002.
  
- [www.ces.es](http://www.ces.es)
- [www.elmundo.es/nuevaeconomia/2002](http://www.elmundo.es/nuevaeconomia/2002)
- [www.empleo.gob.es](http://www.empleo.gob.es)
- [www.ine.es](http://www.ine.es)
- [www.ilo.org](http://www.ilo.org)
- [www.inmujer.es](http://www.inmujer.es)
- [www.oecd.org](http://www.oecd.org)

### 10. ANEXOS.

- ✓ Táboa 1. Taxa de desemprego nos países da OCDE
- ✓ Táboa 2. Desempregados por duración da situación.
- ✓ Táboa 3. Evolución da poboación activa homes Series de 1980-2012
- ✓ Táboa 4. Evolución da poboación activa mulleres. Series de 1980-2012
- ✓ Táboa 5. Evolución de traballadores a tempo parcial nos países da OCDE.
- ✓ Táboa 6. Evolución de traballadores a tempo parcial involuntarios nos países da OCDE.
- ✓ Táboa 7. A temporalidade no emprego.

**TABOA 1. TAXA DE DESEMPREGO NOS PAÍSES DA OCDE**

**% Taxa desemprego sobre poboación activa total**

ANO	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012
<b>PAÍS</b>								
Australia	5,12	4,86	4,45	4,33	5,70	5,33	5,22	5,35
Austria	5,20	4,79	4,47	3,88	4,85	4,47	4,21	4,39
Belgica	8,50	8,30	7,50	7,02	7,96	8,35	7,19	7,60
Canada	6,82	6,35	6,08	6,21	8,37	8,10	7,53	7,34
Chile	8,26	7,91	7,37	8,04	10,00	8,42	7,38	6,69
Republica Checa	7,98	7,19	5,37	4,44	6,75	7,37	6,80	7,04
Dinamarca	4,90	3,95	3,83	3,48	6,10	7,58	7,71	7,69
Estonia	8,06	6,04	4,80	5,62	14,03	17,22	12,71	10,31
Finlandia	8,44	7,72	6,91	6,39	8,39	8,52	7,86	7,76
Francia	8,92	8,86	8,03	7,41	9,15	9,35	9,26	9,94
Alemania	11,28	10,42	8,75	7,61	7,83	7,16	6,01	5,55
Grecia	10,00	9,03	8,41	7,78	9,61	12,72	17,89	24,48
Hungria	7,25	7,50	7,41	7,87	10,08	11,23	11,01	11,00
Islandia	2,67	3,02	2,32	3,04	7,43	7,72	7,18	6,15
Irlanda	4,83	4,72	4,86	5,87	12,46	14,13	14,86	15,28
Israel (1)	9,16	8,52	7,40	6,18	7,66	6,75	5,70	6,96
Italia	7,83	6,87	6,17	6,83	7,89	8,53	8,52	10,85
Japón	4,62	4,29	4,05	4,16	5,27	5,30	4,75	4,56
Corea	3,92	3,62	3,41	3,34	3,82	3,82	3,49	3,30
Luxemburgo	4,50	4,74	4,07	5,06	5,16	4,40	4,93	5,19
Mexico	3,60	3,27	3,51	3,63	5,35	5,39	5,44	5,01
Holanda	5,29	4,35	3,62	3,04	3,74	4,48	4,44	5,28
Nueva Zelanda	3,87	3,91	3,76	4,26	6,31	6,72	6,74	7,17
Noruega	4,67	3,46	2,56	2,65	3,21	3,69	3,34	3,30
Polonia	18,03	14,03	9,72	7,20	8,27	9,75	9,76	10,21
Portugal	8,08	8,13	8,48	8,05	10,02	11,41	13,37	16,43
Eslovaquia	16,20	13,34	11,04	9,60	12,09	14,41	13,58	13,99
Eslovenia	6,67	6,10	4,95	4,46	6,01	7,41	8,34	8,99
España	9,20	8,56	8,31	11,40	18,12	20,18	21,77	25,18
Suiza	7,77	7,06	6,23	6,31	8,46	8,75	7,94	8,13
Suecia	4,52	4,07	3,71	3,42	4,21	4,65	4,14	4,30
Turquia	10,91	10,47	10,51	11,21	14,33	12,13	10,00	9,41
Reino Unido	4,71	5,46	5,34	5,37	7,83	7,91	8,00	8,07
Estados Unidos	5,14	4,69	4,67	5,85	9,38	9,77	9,07	8,16
OECD-Total	6,77	6,24	5,78	6,07	8,33	8,52	8,16	8,17

**Fonte. OCDE, Labour Force Statistics e elaboración propia**

**TABOA 2. DESEMPREGADOS POR DURACIÓN DA SITUACIÓN**

SEXO		TODOS												
IDADE		TODAS												
FRECUENCIA		ANO												
ANO		2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012
PAIS	DURACION													
Australia	> 1 mes e < 3 meses	151	166	158	150	135	135	136	132	134	174	158	161	165
	> 6 meses e < 1 ano	84	96	87	81	71	66	66	57	57	99	91	83	91
	1 ano e mais	171	158	141	129	114	97	94	74	72	95	115	116	129
	Total declarado	602	658	630	599	551	531	516	484	483	649	621	614	635
Austria	> 1 mes e < 3 meses	54	45	71	53	38	49	49	45	43	53	49	46	52
	> 6 meses e < 1 ano	25	20	27	30	36	37	33	32	29	37	34	30	34
	1 ano e mais	47	36	37	45	54	53	53	50	39	44	47	46	47
	Total declarado	180	153	192	183	195	208	195	186	163	205	188	179	189
Belgica	> 1 mes e < 3 meses	28	27	47	59	58	58	56	56	58	64	63	57	66
	> 6 meses e < 1 ano	45	39	52	62	59	59	53	52	46	61	70	55	60
	1 ano e mais	164	137	161	164	186	201	196	177	158	168	197	167	165
	Total declarado	290	266	329	362	379	390	382	352	332	379	405	346	368
Canada	> 1 mes e < 3 meses	402	457	474	483	467	441	416	410	420	572	528	492	493
	> 6 meses e < 1 ano	85	81	108	102	96	84	76	75	79	147	159	130	116
	1 ano e mais	116	105	117	123	112	107	91	76	75	114	171	181	163
	Total declarado	1.033	1.110	1.219	1.231	1.175	1.114	1.049	1.022	1.059	1.457	1.425	1.337	1.306
República Checa	> 1 mes e < 3 meses	47	40	40	42	40	38	30	25	24	58	46	47	48
	> 6 meses e < 1 ano	93	76	74	80	84	78	74	50	44	84	88	76	74
	1 ano e mais	215	216	191	199	220	220	205	148	115	110	167	147	157
	Total declarado	440	409	376	398	425	410	371	276	230	352	386	353	361
Dinamarca	> 1 mes e < 3 meses	23	20	32	34	32	31	24	28	26	50	51	48	45
	> 6 meses e < 1 ano	23	19	20	31	31	23	15	14	9	29	40	39	37
	1 ano e mais	25	26	25	31	34	33	24	18	14	17	44	54	61
	Total declarado	127	117	130	154	159	139	113	111	101	177	218	221	219
Estonia	> 1 mes e < 3 meses	13	11	9	10	8	6	6	4	7	17	12	9	8
	> 6 meses e < 1 ano	14	13	10	10	9	6	5	3	6	20	25	11	9
	1 ano e mais	42	40	36	30	33	28	20	16	12	26	53	49	38
	Total declarado	90	83	67	66	64	52	41	32	38	95	116	87	71
Finlandia	> 1 mes e < 3 meses	42	62	63	62	61	58	57	51	58	73	64	64	65
	> 6 meses e < 1 ano	42	35	39	37	38	35	29	27	23	33	35	27	29
	1 ano e mais	70	57	55	55	51	52	49	42	31	37	52	47	44
	Total declarado	241	217	225	223	218	207	195	181	170	220	222	206	204
Francia	> 1 mes e < 3 meses	378	381	395	377	410	394	393	387	396	478	443	442	482
	> 6 meses e < 1 ano	448	402	404	438	459	450	445	388	358	524	515	482	535
	1 ano e mais	1.058	822	745	846	963	988	1.008	882	764	897	1.050	1.073	1.128
	Total declarado	2.669	2.231	2.276	2.156	2.372	2.405	2.403	2.195	2.041	2.548	2.612	2.589	2.797
Alemania	> 1 mes e < 3 meses	356	345	413	430	491	554	490	449	427	497	428	375	366
	> 6 meses e < 1 ano	491	478	561	710	663	739	624	469	434	518	470	365	333
	1 ano e mais	1.570	1.527	1.581	1.922	2.177	2.400	2.365	2.015	1.625	1.450	1.382	1.191	1.045
	Total declarado	3.050	3.029	3.303	3.843	4.200	4.529	4.194	3.562	3.094	3.188	2.918	2.484	2.300

**TABOA 2. DESEMPREGADOS POR DURACIÓN DA SITUACIÓN**

SEXO		TODOS												
IDADE		TODAS												
FRECUENCIA		ANO												
ANO		2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012
PAIS	DURACION													
Grecia	> 1 mes e < 3 meses	42	56	51	48	53	52	41	56	59	83	96	117	116
	> 6 meses e < 1 ano	84	72	84	74	88	85	77	65	60	85	112	155	187
	1 ano e mais	277	235	247	252	268	249	236	203	180	192	283	435	714
	Total declarado	491	445	480	460	506	477	434	407	378	471	628	877	1.204
Hungria	> 1 mes e < 3 meses	29	26	26	27	27	33	34	36	38	49	45	51	44
	> 6 meses e < 1 ano	55	50	54	57	57	67	70	67	71	101	108	92	108
	1 ano e mais	129	109	107	103	114	137	146	148	157	179	240	230	220
	Total declarado	264	234	239	244	253	298	317	312	329	421	475	468	476
Islandia	> 1 mes e < 3 meses	1	1	1	1	1	1	1	1	2	4	3	2	2
	> 6 meses e < 1 ano	0	0	1	1	0	0	0	0	0	2	3	2	1
	1 ano e mais	0	0	1	0	0	0	0	0	0	1	3	3	3
	Total declarado	3	3	5	5	4	4	4	3	5	12	12	11	10
Irlanda	> 1 mes e < 3 meses	..	13	17	18	17	21	9	10	15	50	35	30	31
	> 6 meses e < 1 ano	..	11	16	17	16	15	17	18	25	62	63	50	44
	1 ano e mais	..	22	25	29	31	29	30	29	36	75	147	186	193
	Total declarado	..	65	82	89	87	88	94	100	134	256	300	313	313
Israel	> 1 mes e < 3 meses	57	62	64	61	58	56	52	44	41	56	47	44	60
	> 6 meses e < 1 ano	35	32	47	52	48	36	32	27	22	33	28	21	32
	1 ano e mais	25	27	34	49	66	61	62	49	38	44	43	34	30
	Total declarado	208	228	255	274	271	240	227	196	166	219	194	166	227
Italia	> 1 mes e < 3 meses	182	182	186	194	287	247	240	234	270	282	275	243	323
	> 6 meses e < 1 ano	412	315	332	321	250	259	228	200	236	330	335	313	422
	1 ano e mais	1.547	1.427	1.277	1.205	935	912	810	704	763	857	1.009	1.081	1.438
	Total declarado	2.523	2.252	2.143	2.074	1.900	1.826	1.634	1.487	1.671	1.929	2.082	2.084	2.712
Japón	> 1 mes e < 3 meses	770	790	680	700	620	620	550	520	560	730	610	510	500
	> 6 meses e < 1 ano	690	620	630	600	500	460	410	400	350	580	580	440	450
	1 ano e mais	820	840	1.070	1.160	1.030	970	890	790	860	930	1.210	1.080	1.070
	Total declarado	3.220	3.160	3.470	3.460	3.060	2.910	2.700	2.470	2.580	3.260	3.220	2.740	2.780
Corea	> 1 mes e < 3 meses	586	548	438	523	535	542	506	471	451	568	618	577	524
	> 6 meses e < 1 ano	116	95	86	77	89	96	85	87	54	75	61	55	67
	1 ano e mais	23	21	19	5	9	7	9	4	21	5	3	3	2
	Total declarado	979	899	751	818	860	887	827	783	770	889	920	855	820
Luxemburgo	> 1 mes e < 3 meses	1	1	1	1	2	2	2	2	2	3	2	2	3
	> 6 meses e < 1 ano	1	1	1	1	2	2	2	2	2	3	2	3	3
	1 ano e mais	1	1	1	2	2	2	3	2	3	3	3	3	4
	Total declarado	4	3	5	7	10	9	10	9	11	12	10	12	13
Mexico	> 1 mes e < 3 meses	311	348	403	428	534	507	459	545	525	839	922	959	969
	> 6 meses e < 1 ano	30	24	39	38	50	59	44	35	36	96	117	89	79
	1 ano e mais	9	8	8	9	14	31	30	36	23	40	54	47	42
	Total declarado	747	778	907	988	1.256	1.333	1.197	1.337	1.390	2.112	2.258	2.302	2.205

TABOA 2. DESEMPREGADOS POR DURACIÓN DA SITUACIÓN

SEXO		TODOS												
IDADE		TODAS												
FRECUENCIA		ANO												
ANO		2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012
PAIS	DURACION													
Holanda	> 1 mes e < 3 meses	..	..	47	77	80	77	67	61	61	81	97	93	106
	> 6 meses e < 1 ano	..	..	27	62	80	78	56	45	36	56	80	64	79
	1 ano e mais	..	..	44	85	130	159	142	107	81	74	106	128	155
	Total declarado	..	..	168	305	380	396	329	271	236	299	383	380	459
Nueva Zelanda	> 1 mes e < 3 meses	25	24	25	25	21	20	21	20	27	38	40	39	38
	> 6 meses e < 1 ano	18	14	13	12	9	9	9	8	8	22	27	28	28
	1 ano e mais	21	16	14	12	9	7	6	4	4	8	13	13	20
	Total declarado	104	93	93	85	72	70	72	69	81	128	139	141	148
Noruega	> 1 mes e < 3 meses	21	22	24	29	29	27	20	15	18	22	23	20	22
	> 6 meses e < 1 ano	9	9	12	15	17	17	14	10	8	14	20	17	16
	1 ano e mais	4	4	6	7	10	10	11	5	4	6	9	10	7
	Total declarado	80	82	90	105	104	107	77	58	64	79	90	83	80
Polonia	> 1 mes e < 3 meses	323	347	318	316	321	272	237	200	226	290	317	285	283
	> 6 meses e < 1 ano	703	731	742	683	671	593	438	298	214	275	346	340	351
	1 ano e mais	1.057	1.365	1.661	1.653	1.547	1.589	1.182	742	351	356	421	524	608
	Total declarado	2.792	3.170	3.431	3.329	3.230	3.045	2.344	1.619	1.211	1.411	1.650	1.659	1.749
Portugal	> 1 mes e < 3 meses	33	36	55	59	53	53	54	63	65	78	68	107	118
	> 6 meses e < 1 ano	33	40	49	77	72	79	75	80	69	103	109	116	162
	1 ano e mais	84	77	93	120	162	203	214	211	201	232	313	340	419
	Total declarado	195	203	270	342	364	421	427	447	425	525	599	706	859
Eslovaquia	> 1 mes e < 3 meses	42	42	33	35	36	23	18	16	15	33	25	24	25
	> 6 meses e < 1 ano	95	100	87	70	79	57	40	34	32	52	71	56	55
	1 ano e mais	262	273	291	281	291	291	258	207	170	165	231	235	241
	Total declarado	480	508	487	459	481	427	353	292	257	324	389	368	377
Eslovenia	> 1 mes e < 3 meses	..	..	7	9	9	9	8	9	9	14	10	14	13
	> 6 meses e < 1 ano	..	..	10	10	10	12	11	8	7	12	15	16	16
	1 ano e mais	..	..	34	34	33	31	30	23	19	18	33	37	43
	Total declarado	..	..	61	64	63	66	61	50	46	61	75	83	90
España	> 1 mes e < 3 meses	351	324	442	450	470	515	515	524	770	902	817	810	865
	> 6 meses e < 1 ano	464	366	404	441	439	290	264	265	408	945	977	933	1.095
	1 ano e mais	999	677	726	754	708	469	399	374	463	984	1.695	2.078	2.565
	Total declarado	2.354	1.833	2.155	2.242	2.213	1.912	1.837	1.834	2.590	4.149	4.632	4.998	5.768
Suiza	> 1 mes e < 3 meses	53	53	55	60	66	..	..	70	69	98	92	89	89
	> 6 meses e < 1 ano	39	33	36	45	54	..	..	40	38	65	70	55	57
	1 ano e mais	69	51	49	46	56	..	..	36	35	50	68	66	64
	Total declarado	260	226	233	256	295	..	..	282	287	389	396	360	365
Suecia	> 1 mes e < 3 meses	22	21	31	33	30	27	25	24	24	35	36	31	36
	> 6 meses e < 1 ano	17	17	18	36	36	37	32	24	22	32	46	32	30
	1 ano e mais	30	29	26	43	59	71	65	63	49	54	67	70	67
	Total declarado	104	99	117	167	176	182	166	153	144	181	201	181	190

**TABOA 2. DESEMPREGADOS POR DURACIÓN DA SITUACIÓN**

SEXO		TODOS												
IDADE		TODAS												
FRECUENCIA		ANO												
ANO		2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012
PAIS	DURACION													
Turquia	> 1 mes e < 3 meses	531	643	704	781	490	535	543	620	716	870	800	765	747
	> 6 meses e < 1 ano	215	274	380	371	419	384	362	380	411	682	520	428	393
	1 ano e mais	305	410	696	584	919	941	831	721	702	877	871	693	627
	Total declarado	1.446	1.922	2.364	2.395	2.344	2.388	2.329	2.377	2.611	3.469	3.047	2.617	2.517
Reino Unido	> 1 mes e < 3 meses	366	295	396	382	354	374	394	408	433	530	478	502	468
	> 6 meses e < 1 ano	248	220	218	210	212	227	283	261	281	476	485	463	469
	1 ano e mais	456	385	322	310	282	300	364	384	421	577	793	845	870
	Total declarado	1.631	1.387	1.486	1.445	1.371	1.429	1.634	1.617	1.745	2.355	2.431	2.525	2.501
Estados Unidos	> 1 mes e < 3 meses	1.817	2.195	2.580	2.611	2.382	2.303	2.120	2.231	2.806	3.828	3.268	2.994	2.867
	> 6 meses e < 1 ano	306	388	821	898	749	598	534	538	813	2.176	2.118	1.709	1.472
	1 ano e mais	343	415	714	1.036	1.033	892	701	704	950	2.318	4.298	4.307	3.664
	Total declarado	5.692	6.802	8.376	8.773	8.153	7.590	7.003	7.075	8.927	14.263	14.827	13.751	12.508
Rusia	> 1 mes e < 3 meses	1.093	1.068	968	1.026	976	910	801	754	916	1.390	1.036	956	884
	> 6 meses e < 1 ano	1.460	1.189	1.056	1.158	1.052	1.011	971	814	809	1.016	966	987	724
	1 ano e mais	3.557	2.520	2.209	2.232	2.220	2.045	2.220	1.837	1.653	1.806	1.665	1.618	1.276
	Total declarado	7.700	6.424	5.698	5.934	5.666	5.242	5.250	4.519	4.697	6.284	5.544	4.922	4.131
Union Europea 21	> 1 mes e < 3 meses	2.361	2.305	2.704	2.745	2.911	2.865	2.726	2.733	3.070	3.783	3.513	3.455	3.614
	> 6 meses e < 1 ano	3.316	3.020	3.245	3.466	3.411	3.192	2.840	2.417	2.427	3.869	4.049	3.741	4.158
	1 ano e mais	8.071	7.482	7.708	8.166	8.276	8.344	7.733	6.518	5.639	6.508	8.335	8.960	10.219
	Total declarado	18.083	16.832	18.141	18.700	19.164	18.734	17.369	15.620	15.490	19.767	21.116	21.298	23.395
Union Europea 15	> 1 mes e < 3 meses	1.907	1.840	2.271	2.305	2.469	2.484	2.392	2.443	2.752	3.322	3.058	3.026	3.194
	> 6 meses e < 1 ano	2.355	2.050	2.269	2.557	2.500	2.379	2.202	1.957	2.053	3.325	3.395	3.150	3.544
	1 ano e mais	6.367	5.479	5.388	5.866	6.037	6.049	5.891	5.235	4.815	5.654	7.191	7.738	8.912
	Total declarado	14.017	12.427	13.479	14.140	14.649	14.436	13.882	13.039	13.379	17.102	18.024	18.280	20.272
Europa	> 1 mes e < 3 meses	2.935	2.992	3.465	3.589	3.460	3.455	3.314	3.392	3.830	4.714	4.375	4.273	4.421
	> 6 meses e < 1 ano	3.557	3.320	3.657	3.888	3.883	3.629	3.249	2.832	2.868	4.599	4.637	4.220	4.598
	1 ano e mais	8.411	7.926	8.436	8.801	9.264	9.367	8.640	7.307	6.394	7.447	9.284	9.736	10.922
	Total declarado	19.716	18.937	20.717	21.371	21.793	21.415	19.944	18.211	18.313	23.507	24.466	24.190	26.192
Países del G7	> 1 mes e < 3 meses	4.271	4.645	5.125	5.178	5.011	4.933	4.603	4.639	5.312	6.917	6.030	5.558	5.499
